Sobre a valoración do Goberno galego en relación co baixo nivel de execución dos orzamentos xerais do Estado destinados a Galicia para o ano 2016, a avaliación das súas consecuencias e a posibilidade de cumprimento dos compromisos do Goberno central referidos ao remate do AVE, así como as demandas que lle vai formular ao respecto

- 672 (10/PRE-000026)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis

Sobre a información e as actuacións levadas a cabo polo Goberno galego en relación co expediente de regulación de emprego do Banco Popular-Pastor, así como a avaliación das consecuencias para a cidadanía do peche de oficinas

Santiago de Compostela, 8 de novembro de 2016
Diego Calvo Pouso
Vicepresidente 1º

2. Elección e composición do Parlamento, réxime e goberno interior, organización e funcionamento

2.3. Réxime e goberno interior

2.3.2. Acordos e resolucións dos órganos da Cámara en materia de réxime e goberno interior

2.3.2.2. Creación de órganos parlamentarios

2.3.2.2.1. Solicitude de creación de comisións

Escrito do G.P. Popular de Galicia polo que solicita a creación dunha Comisión de investigación para analizar e avaliar a evolución económico-financeira da antigas caixas de aforros e as causas e responsabilidades da súa transformación en bancos, incluíndo as indemnizacións millonarias dos seus ex-directivos (doc. núm. 712)

A Mesa do Parlamento, na súa sesión do día 8 de novembro de 2016, adoptou o seguinte acordo:

Examínase o escrito do Grupo Parlamentario Popular no que se solicita, ao abeiro do artigo 50.1 do RPG, a creación dunha Comisión de investigación para analizar e avaliar a evolución-financeira das antigas caixas de aforros e as causas e responsabilidades da súa actual situación, incluíndo as indemnizacións millonarias dos seus ex-directivos, co obxecto de rematar os traballos realizados na comisión creada na IX lexislatura.

Visto o disposto nos artigos 50 e 52 do RPG e tendo en conta que se cumpre o requisito de lexitimación, a Mesa adopta o seguinte ACORDO:

1º. Admitir a trámite o escrito do Grupo Parlamentario Popular no que solicita, ao abeiro do artigo 50.1 do RPG, a creación dunha Comisión de investigación para analizar e avaliar a evolución-financeira das antigas caixas de aforros e as causas e responsabilidades da súa actual situación, incluíndo as indemnizacións millonarias dos seus ex-directivos, co obxecto de rematar os traballos realizados na comisión creada na IX lexislatura.

2º. Remitir a solicitude á Xunta de Portavoces para efectos da súa inclusión, se é o caso, na orde do día dunha sesión plenaria.

3º. Ordenar a súa publicación no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*.

Santiago de Compostela, 9 de novembro de 2016
Diego Calvo Pouso
Vicepresidente 1º



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego**, ao abeiro do disposto no artigo 122 do Regulamento da Cámara, formula a seguinte **Proposición de lei de modificación da Lei 1/1993, de protección de animais domésticos e salvaxes en cativeiro**.

No ano 1993 aprobouse polo Parlamento unha Lei destinada á protección de animais domésticos e salvaxes en cativeiro. Segundo a súa exposición de motivos, tratábase de incorporar ao corpus lexislativo galego “os principios xerais de respecto, protección e defensa aos seres vivos que conviven ao noso redor, tal como figuran nos convenios e tratados internacionais e na normativa dos países socialmente máis avanzados”. Porén, no seu articulado, a incorporación plena destes principios non se plasmou na súa amplitude, permitindo a utilización da violencia e a morte de animais en “espectáculos”. Concretamente, no seu artigo 5.2, exclúese do ámbito da aplicación desta lei a “festa dos touros, os encerros e demais espectáculos taurinos”. Esta excepcionalidade carece de sentido e colisiona frontalmente co establecido no primeiro apartado do artigo 5, no que se especifica que se “Prohibe a utilización de animais en espectáculos, pelexas, festas populares e outras actividades se iso pode ocasionar danos, sufrimentos ou facelos obxecto de tratamento antinatural”.

Na Galiza non existe “tradición” na celebración de corridas de touros. A historia dá conta de que a súa aparición non territorio galego responde ao intento de homologación e asimiliación cultural da nosa nación por parte dos poderes centrais do Estado Español no século XIX. Trátase dunha práctica allea á cultura galega e cuxa



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

implantación na Galiza é realmente residual. De feito, existe unha relevante desafección da inmensa maioría de galegos e galegas en relación coa mesma. Así, estudos publicados sinalan que case o 90% dos galegos e galegas declaran, non só que non lle gustan as touradas, senón que mesmo aborrecen este tipo de actividades. Porén, sexa ou non unha práctica con tradición, o que resulta evidente é a crueldade da denominada “festa nacional”.

Existe cada vez unha maior e crecente sensibilidade na sociedade galega en relación coa protección dos animais e a necesidade de erradicar prácticas crueis, que causan grande dano aos animais e que non poden ser caracterizados como cultura. Coa finalidade de responder a esta sensibilidade social formulamos a seguinte proposición de lei.

Artigo único.

Modifícase o artigo 5.2 da Lei Lei 1/1993, de protección de animais domésticos e salvaxes en cativeiro.

Modifícase a redacción do artigo 5.2 que fica redixido conforme ao seguinte texto:

“2. Prohíbense as corridas de touros e os espectáculos de touros que inclúan a



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

morte do animal e a aplicación das “sortes” da pica, as banderillas e o estoque.”

Disposición Derrogatoria.

Fican derogadas todas as disposicións que se opoñan á presente lei ou contraveñan o seu contido.

Disposición Derradeira.

A presente Lei entrará en vigor aos vinte días da súa publicación no Diario Oficial da Galiza.



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

ANTECEDENTES LEXISLATIVOS:

Estatuto de Autonomía de Galiza

Lei 1/1993, do 13 de Abril, de protección de animais domésticos e salvaxes en cativeidade.

Decreto 153/1998, do 2 de abril, polo que se aproba o Regulamento que desenvolve a Lei 1/1993, do 13 de Abril, de protección de animais domésticos e salvaxes en cativeidade.

Santiago de Compostela, 7 de novembro de 2016

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

Xosé Luis Rivas Cruz

Montserrat Prado Cores

Noa Presas Bergantiños

Xosé Luis Bará Torres

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Belén Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 07/11/2016 12:13:31



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Xose Luis Rivas Cruz na data 07/11/2016 12:13:39

María Montserrat Prado Cores na data 07/11/2016 12:13:44

Noa Presas Bergantiños na data 07/11/2016 12:13:53

Xosé Luis Bará Torres na data 07/11/2016 12:13:59

Ana Pontón Mondelo na data 07/11/2016 12:14:03

A Mesa do Parlamento

Miguel Tellado Filgueira, Raquel Arias Rodríguez, Nava Castro Domínguez, Teresa Egerique Mosquera, Marta Nóvoa Iglesias e Cristina Romero Fernández, deputado e deputadas do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 98, 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Comisión**, polo trámite de **urxencia**.

Xustificación da urxencia

A urxencia ven motivada, para que o Goberno galego explique en Sede Parlamentaria, os dereitos dos consumidores no ámbito do subministro eléctrico, xa que a factura da luz é unha preocupación para moitas familias.

A Xunta de Galicia, a través do Instituto Galego de Consumo e da Dirección Xeral de Industria vén traballando en diferentes liñas para protexer os dereitos dos consumidores, garantindo a seguridade dos produtos que se atopan á venda, impulsando a información e o asesoramento e mediando na resolución de conflitos entre empresas e consumidores.

En 2015, atendéronse máis de 32.000 consultas, tramitáronse preto de 20.000 reclamacións e emitíronse o pasado ano case 3.000 laudos arbitrais, achegando unha vía rápida, eficaz e gratuíta para a solución dos problemas que xorden entre consumidores e empresas. Así mesmo, máis de 5.500 persoas participaron nas máis de 200 actividades organizadas pola Escola Galega de Consumo.

A protección dos dereitos dos consumidores no ámbito do subministro eléctrico é unha prioridade porque a factura da luz é unha preocupación para moitas familias. Sirva de exemplo que, en 2015, o IGC tramitou 4.141 reclamacións que derivaron en 825 expedientes sancionadores contra as empresas que comercializan enerxía. Sen embargo, convén realizar medidas dirixidas a achegar as claves para que os consumidores poidan aforrar no seu recibo eléctrico.

Por todo o exposto, os deputados asinantes, formulan a seguinte pregunta en Comisión:

Qué está a facer a Xunta de Galicia para informar e formar ás persoas consumidoras e usuarias ante as súas preocupación coa factura da Luz?

Santiago de Compostela, 4 de novembro de 2016

Asinado dixitalmente por:

Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 04/11/2016 14:20:16

Raquel Arias Rodríguez na data 04/11/2016 14:20:24

María Nava Castro Domínguez na data 04/11/2016 14:20:32

Teresa Egerique Mosquera na data 04/11/2016 14:20:42

Marta Novoa Iglesias na data 04/11/2016 14:20:56

Cristina Isabel Romero Fernández na data 04/11/2016 14:21:04

A Mesa do Parlamento

Miguel Tellado Filgueira, Raquel Arias Rodríguez, Nava Castro Domínguez, Teresa Egerique Mosquera, Marta Nóvoa Iglesias e Cristina Romero Fernández, deputado e deputadas do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo, 98, 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Comisión**, polo trámite de **urxencia**.

Xustificación da urxencia

A urxencia ven motivada, pola necesidade de coñecer en Sede Parlamentaria, a valoración do Goberno galego dos resultados do programa Galicia Exporta.

Dende o 2013 as empresas galegas están a bater, ano tras ano, as súas exportacións a outros países, levando a nosa Comunidade ao “mellor ciclo exportador” da historia. De feito, tras un novo récord de 2015, con unhas vendas ao exterior de 18.831 millóns de euros, de xaneiro a agosto as exportacións de Galicia medraron un 5,4% fronte ao mesmo período do ano anterior, é dicir, catro veces máis que a media española que se sitúa nun 1,3%, situándonos como a cuarta comunidade onde máis medran as exportación.

Desta maneira, os mercados exteriores seguen sendo un dos motores da recuperación económica que está a experimentar Galicia, confirmando que a aposta pola internacionalización que as empresas galegas están a facer da man da Xunta de Galicia están dando os seus froitos.

Entre os instrumentos habilitados con este obxectivo, o Igape puxo o ano pasado en marcha o programa Galicia Exporta, tanto para empresas como para proxectos agrupados impulsados por organismos intermedios, co obxectivo de incentivar a realización de accións de promoción exterior xeradoras de vantaxes competitivas que incidan na proxección e posicionamento das empresas galegas nos mercados internacionais, ben individualmente ou ben de maneira colaborativa.

Polo exposto, os deputados asinantes, formulan as seguintes preguntas en Comisión:

1. **Cómo valora o Goberno galego os resultados da primeira edición do programa Galicia Exporta?**



**GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/11/2016 16:30
Nº Rexistro: 725
Data envío: 04/11/2016 14:44:13.179

2. Prevé manter este programa, Galicia Exporta, no futuro para seguir apoiando os avances de internacionalización das empresas galegas?

Santiago de Compostela, 3 de novembro de 2016

Asinado dixitalmente por:

Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 04/11/2016 14:24:00

Raquel Arias Rodríguez na data 04/11/2016 14:24:24

María Nava Castro Domínguez na data 04/11/2016 14:24:33

Teresa Egerique Mosquera na data 04/11/2016 14:24:42

Marta Novoa Iglesias na data 04/11/2016 14:24:53

Cristina Isabel Romero Fernández na data 04/11/2016 14:25:00

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

A Mesa do Parlamento

Miguel Tellado Filgueira, Raquel Arias Rodríguez, Nava Castro Domínguez, Teresa Egerique Mosquera, Marta Nóvoa Iglesias e Cristina Romero Fernández, deputado e deputadas do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo, 98, 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Comisión**, polo trámite de **urxencia**.

Xustificación da urxencia

A urxencia ven motivada, para que o Goberno galego, explique canto antes en Sede Parlamentaria, as medidas que ten posto en marcha para facilitar as pequenas e medianas empresas o acceso ás tecnoloxías.

As tecnoloxías facilitadoras esenciais (micro e nanoelectrónica, nanotecnoloxía, biotecnoloxía industrial, materiais avanzados, fotónica e tecnoloxías avanzadas de fabricación) e as TIC, son de especial relevancia debido non só polo que supoñen en si mesmo, como sectores emerxentes, senón tamén polo seu efecto dinamizador no desenvolvemento e revitalización de sectores produtivos tradicionais. Neste sentido, son consideradas como ferramentas que posibilitan un cambio substancial do modelo produtivo, con maiores cotas de innovación e competitividade, e un dos piares da nova política industrial e de innovación da Unión Europea.

Así pois, as tecnoloxías facilitadoras esenciais son tamén un elemento clave do modelo produtivo sustentado na competitividade e no coñecemento que os axentes económicos e sociais e a administración galega están a traballar para crear novas oportunidades de emprego no presente e futuro de Galicia, da man das medidas e actuacións previstas na Estratexia de Especialización Intelixente de Galicia e a Axenda de Competitividade Galicia Industria 4.0.

A participación das pemes neste proceso é esencial, en tanto que representan o 99% do total das empresas presenten na comunidade e precisan de servizos de apoio e medidas específicas que lles permita coñecer a existencia destas tecnoloxías e a aplicabilidade das mesmas co menor risco económico e tecnolóxico posibles de xeito que garanta a súa sustentabilidade a curto e longo prazo.

Polo exposto, os deputados asinantes, formulan a seguinte pregunta en Comisión:

Qué medidas ou actuacións ten posto en marcha a Xunta de Galicia para facilitar as pequenas e medianas empresas o acceso ás tecnoloxías clave para a súa

transformación 4.0?

Santiago de Compostela, 4 de novembro de 2016

Asinado dixitalmente por:

Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 04/11/2016 14:26:58

Raquel Arias Rodríguez na data 04/11/2016 14:27:07

María Nava Castro Domínguez na data 04/11/2016 14:27:14

Teresa Egerique Mosquera na data 04/11/2016 14:27:23

Marta Novoa Iglesias na data 04/11/2016 14:27:33

Cristina Isabel Romero Fernández na data 04/11/2016 14:27:44

Á Mesa do Parlamento

Martín Fernández Prado, Jaime Castiñeira Broz, Marta Nóvoa Iglesias, Daniel Varela Suanzes-Carpegna, Alvaro Pérez López, Ignacio López-Chaves Castro e Teresa Egerique Mosquera, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 98,152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esta Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Comisión**, polo trámite de **urxencia**.

Xustificación da Urxencia

A urxencia vén motivada polo interese e a importancia que ten para os vigueses e para todos os cidadáns da área que o Concello de Vigo se sume de forma efectiva ao Plan de Transporte Metropolitano que xa está a funcionar noutros 12 municipios desta área desde abril de 2015.

En abril de 2015 botaba a andar o Plan de Transporte Metropolitano na área de Vigo, e facíao cos 12 concellos que subscribiron o convenio coa Xunta: Baiona, Cangas, Fornelos de Montes, Moaña, Mos, Nigrán, Redondela, O Porriño, Salceda de Caselas, Salvaterra de Miño, Soutomaior e Pazos de Borbén.

Desde entón, nestes municipios véñense aplicando as vantaxes que establece o Plan de Transporte Metropolitano, cun sistema de tarifas máis sinxelo que recolle bonificacións substanciais que supoñen aforros económicos de arredor de 600 euros anuais no caso dos usuarios frecuentes.

Nese momento, por vontade propia, o Concello de Vigo non se adheriu ao Plan de Transporte Metropolitano. Decidiu sumarse meses despois, en xullo deste mesmo ano, cando asinou o convenio de adhesión seguindo o exemplo doutros 12 concellos da área que xa estaban incorporados.

Trátase, sen dúbida, dunha decisión importante para todos os veciños de Vigo e da súa área, dado que a incorporación de Vigo lle permite aos usuarios desfrutar de forma completa das vantaxes que ofrece o Plan de Transporte Metropolitano, co incremento dos aforros medios ao dispoñer os usuarios de transporte urbano gratuíto no caso de que, antes ou despois, utilicen o transporte interurbano para os seus desprazamentos.

Pese a que o Concello de Vigo asinou o convenio de adhesión o pasado 6 de xullo a súa incorporación ao Plan de Transporte Metropolitano aínda non se fixo efectiva, xa que o Concello aínda non levou a cabo as adaptacións tecnolóxicas necesarias para a incorporación do transporte urbano, Vitrasa, ao Plan de Transporte Metropolitano,



compromiso escrito que adquiriu persoalmente o alcalde de Vigo co resto dos alcaldes da área metropolitana.

Por todo o exposto, e dada a importancia que ten para todos os usuarios da área que o Concello de Vigo materialice, canto antes, a súa incorporación ao Plan de Transporte Metropolitano, os deputados asinantes formulan a seguinte pregunta en Comisión:

Ten constancia a Xunta de Galicia de como marcha o proceso de adaptación tecnolóxica que debe realizar o Concello de Vigo para a incorporación efectiva do transporte urbano no Plan de Transporte Metropolitano?

Santiago de Compostela 4 novembro 2016

Asinado dixitalmente por:

Martín Fernández Prado na data 04/11/2016 17:09:42

Jaime Castiñeira Broz na data 04/11/2016 17:09:51

Marta Novoa Iglesias na data 04/11/2016 17:09:58

Daniel Luis Varela Suanzes-Carpegna na data 04/11/2016 17:10:06

Álvaro Pérez López na data 04/11/2016 17:10:14

Ignacio Javier López-Chaves Castro na data 04/11/2016 17:10:23

Teresa Egerique Mosquera na data 04/11/2016 17:10:35

Á Mesa do Parlamento

Martín Fernández Prado, Jaime Castiñeira Broz, Marta Nóvoa Iglesias, Alvaro Pérez López e Daniel Varela Suanzes-Carpegna, deputados e deputada do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 98, 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esta Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Comisión**, polo trámite de **urxencia**.

Xustificación da Urxencia

A urxencia vén motivada pola necesidade de coñecer o grao de desenvolvemento do Plan de Sendas de Galicia, unha iniciativa posta en marcha pola Xunta a principios deste mesmo ano co obxectivo de conxugar dúas prioridades estratéxicas da súa acción de Goberno: a mellora da seguridade viaria e a promoción dunha economía baixa en carbono a través do fomento dunha mobilidade sustentable.

O pasado mes de marzo o Executivo galego anunciaba a posta en marcha, por parte da Consellería de Infraestruturas e Vivenda, dunha novidosa iniciativa que concretaba a construción, ao longo de distintas fases, de 170 novos quilómetros de novas sendas seguras, sostibles e integradas na paisaxe en estradas autonómicas das distintas comarcas galegas.

Trátase do Plan de Sendas de Galicia que prevé todo un conxunto de actuacións planificadas sobre o conxunto do territorio da Comunidade, encamiñadas a reforzar a seguridade viaria de peóns e ciclistas e a ofrecerlle aos cidadáns modos de desprazamento menos contaminantes e alternativos á utilización do vehículo particular.

Un plan que, estamos convencidos, vai supoñer unha mellora substancial no reforzo da seguridade viaria nas estradas autonómicas que son obxecto de actuacións e que redundará tamén no incremento da calidade de vida de todos os galegos.

É por isto que os deputados asinantes formulan a seguinte pregunta en Comisión:

Qué actuacións concretas se están a desenvolver actualmente no marco do Plan de Sendas de Galicia?

Santiago de Compostela 4 novembro 2016



**GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA**



**PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/11/2016 17:21
Nº Rexistro: 733
Data envío: 04/11/2016 17:21:31.961**

Asinado dixitalmente por:

Martín Fernández Prado na data 04/11/2016 17:13:23

Jaime Castiñeira Broz na data 04/11/2016 17:13:33

Marta Novoa Iglesias na data 04/11/2016 17:13:39

Álvaro Pérez López na data 04/11/2016 17:13:47

Daniel Luis Varela Suanzes-Carpegna na data 04/11/2016 17:13:57

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

Á Mesa do Parlamento

Martín Fernández Prado, Jaime Castiñeira Broz, Marta Nóvoa Iglesias, Alvaro Pérez López e Daniel Varela Suanzes-Carpegna, deputados e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, abeiro do disposto no artigo 98, 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esta Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Comisión**, polo trámite de **urxencia**.

Xustificación da Urxencia

A urxencia vén motivada pola importancia de coñecer o grado de implantación da Tarxeta Xente Nova, posta en marcha pola Xunta no mes de agosto, coa que os menores de 19 anos se benefician da gratuidade no transporte metropolitano.

Nas dúas últimas lexislaturas o Goberno galego centrou boa parte dos seus esforzos en impulsar o transporte público e en mellorar a mobilidade dos galegos, a través da posta en marcha do Plan de Transporte Metropolitano nas principais grandes áreas de Galicia, unha iniciativa que está a propiciar que os desprazamentos habituais dos cidadáns –cara ao traballo, cara aos lugares de estudo ou, por exemplo, para acudir a unha cita médica- sexan máis sinxelos e tamén menos custosos.

Trátase dun plan de fomento do transporte público e tamén dun plan social, xa que permite importantes aforros ás familias, unha media de 600 euros anuais no caso dos usuarios frecuentes.

Desde que se puxo en marcha este plan non parou de medrar e de incorporar novas medidas para ampliar as súas vantaxes e beneficios.

A máis recente, en agosto deste mesmo ano, cando o Goberno galego activou a Tarxeta Xente Nova, que lle permite aos nenos e mozos de menos de 19 anos facer os seus desprazamentos en transporte metropolitano interurbano gratis, dentro das áreas metropolitanas actualmente establecidas.

Esta medida axuda á economía das familias con fillos e contribúe a promover o uso e a accesibilidade do transporte público e a unha maior concienciación social na utilización de modos de transporte máis ecolóxicos e respectuosos co medio; sendo o factor educativo un obxectivo esencial deste plan: para que os nenos medren sendo conscientes das vantaxes que supón empregar o transporte público fronte ao vehículo particular.



**GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/11/2016 17:21
Nº Rexistro: 735
Data envío: 04/11/2016 17:21:56.383

Por todo o exposto, e tendo en conta a importancia desta iniciativa, os deputados asinantes formulan a seguinte pregunta en Comisión:

Que valoración fai a Xunta de Galicia sobre o funcionamento da implantación da Tarxeta Xente Nova desde que a activou no pasado mes de agosto?

Santiago de Compostela a 4 de novembro 2016

Asinado dixitalmente por:

Martín Fernández Prado na data 04/11/2016 17:16:02

Jaime Castiñeira Broz na data 04/11/2016 17:16:10

Marta Novoa Iglesias na data 04/11/2016 17:16:17

Álvaro Pérez López na data 04/11/2016 17:16:27

Daniel Luis Varela Suanzes-Carpegna na data 04/11/2016 17:16:36

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

Á Mesa do Parlamento

Jaime Castiñeira Broz, Martín Fernández Prado, Marta Nóvoa Iglesias, Alvaro Pérez López e Daniel Varela Suanzes-Carpegna, deputados e deputada do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 98, 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esta Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Comisión**, polo trámite de **urxencia**.

Xustificación da Urxencia

A urxencia vén motivada pola necesidade coñecer a acollida e a resposta que o Programa de Vivendas Baleiras, posto en marcha pola Xunta, está a ter entre os Concellos galegos, ao tratarse dunha iniciativa social de grande importancia, que busca a colaboración das administracións locais para mobilizar as vivendas desocupadas existentes e que estas poidan ser ofrecidas en réxime de alugueiro social a quen máis as necesita.

Na pasada lexislatura un dos eixes prioritarios do Goberno galego centrouse no desenvolvemento dunha ambiciosa axenda social, coa posta en marcha de plans, medidas e actuacións encamiñadas a facer fronte ás situacións de dificultade que estaban a sufrir algunhas familias galegas.

Nesa axenda social cobraron un especial protagonismo as iniciativas relacionadas coa vivenda, co fin de reforzar os mecanismos para tratar de dar unha solución a aquelas persoas e familias con dificultades para afrontar o pagamento dunha hipoteca ou do alugueiro da súa vivenda.

Así, a Xunta de Galicia impulsou un total de 12 medidas para garantir o dereito á vivenda e loitar contra os desafiuzamentos e as súas consecuencias, desenvolvendo novas fórmulas para facilitar o acceso a un fogar aos colectivos máis vulnerables.

Entre estas novas medidas que puxo en marcha o Goberno galego atópase o Programa de Vivendas Baleiras, que contou co apoio e coa colaboración da Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP).

Un programa que ten como obxectivo prioritario crear unha bolsa de vivendas baleiras para alugueiro social, incorporando as vivendas de organismos, particulares e empresas que non se atopen habitadas contando, para isto, coa colaboración das Administracións locais.



**GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/11/2016 17:45
Nº Rexistro: 739
Data envío: 04/11/2016 17:45:07.867

Desde este Grupo Parlamentario consideramos que as familias que están en risco de perder a súa vivenda representan un drama social ante o que ningunha administración responsable pode inhibirse e mirar cara a outro lado.

Por isto, e dado que o Programa de Vivendas Baleiras da Xunta representa unha grande oportunidade para sumar aos concellos galegos na loita contra os desafuzamentos na nosa Comunidade, os deputados asinantes formulan a seguinte pregunta en Comisión:

Qué resposta está a ter, por parte dos Concellos galegos, o Programa de Vivendas Baleiras posto en marcha pola Xunta na pasada lexislatura?

Santiago de Compostela, 4 de novembro de 2016

Asinado dixitalmente por:

Jaime Castiñeira Broz na data 04/11/2016 17:40:35

Martín Fernández Prado na data 04/11/2016 17:40:43

Marta Novoa Iglesias na data 04/11/2016 17:40:51

Álvaro Pérez López na data 04/11/2016 17:40:58

Daniel Luis Varela Suanzes-Carpegna na data 04/11/2016 17:41:05

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

A Mesa do Parlamento

César Fernández Gil, Moisés Blanco Paradelo, Marisol Díaz Mouteira, Teresa Egerique Mosquera, Martín Fernández Prado e Carlos López Crespo, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 98, 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta oral en Comisión** polo trámite de **urxencia**.

Xustificación da urxencia

A urxencia ven motivada, para que o Goberno galego explique en Sede Parlamentaria, en que consiste o mapa de empregabilidade do Sistema Universitario de Galicia.

As universidades galegas son institucións relevantes no desenvolvemento económico e social de Galicia, xa que teñen encomendada unha tripla misión de ensinar, investigar, e transferir e intercambiar coñecemento co resto da sociedade.

Cada curso, as institucións que integran o Sistema Universitario de Galicia (SUG) están a formar a novas xeracións de galegos e galegas que aspiran a adquirir coñecementos, habilidades e destrezas que lles permitan estar preparados para afrontar os retos persoais e laborais dun mundo cada vez máis global e complexo.

Recentemente, puidemos coñecer os datos dun novo estudo sobre inserción laboral dos titulados universitarios en Galicia, un traballo elaborado pola Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia (ACSUG). Neste contexto, coñecemos o interese e a vontade da Xunta de Galicia por impulsar a realización do que se ten denominado como “mapa de empregabilidade do SUG”.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Popular está interesado en coñecer máis datos sobre esta posible iniciativa e, con tal motivo, formula a seguinte pregunta oral en Comisión:

En qué consiste o anunciado mapa de empregabilidade do SUG?

Santiago de Compostela, 4 de novembro de 2016

Asinado dixitalmente por:

César Manuel Fernández Gil na data 04/11/2016 18:05:03

Moisés Blanco Paradelo na data 04/11/2016 18:05:12

María Sol Díaz Mouteiro na data 04/11/2016 18:05:22

Teresa Egerique Mosquera na data 04/11/2016 18:05:35

Martín Fernández Prado na data 04/11/2016 18:05:49

Carlos Enrique López Crespo na data 04/11/2016 18:06:00

A Mesa do Parlamento

César Fernández Gil, Moisés Blanco Paradelo, Marisol Díaz Mouteira, Teresa Egerique Mosquera, Martín Fernández Prado e Carlos López Crespo, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 98, 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta oral en Comisión** polo trámite de **urxencia**.

Xustificación da urxencia

A urxencia ven motivada, pola necesidade de coñecer as medidas que vai tomar a Xunta de Galicia para axudar á internacionalizar a cultura galega.

A cultura propia de Galicia ten un alto valor identitario e simbólico, máis tamén constitúe un soporte imprescindible para o progreso da nosa comunidade e do conxunto da cidadanía, ademais de constituír un elemento relevante na cohesión territorial e social.

Conscientes disto, o Partido Popular de Galicia afronta o inicio da X Lexislatura na Cámara galega coa firme vontade de impulsar un renovado compromiso político a prol do aproveitamento da riqueza e o potencial cultural de Galicia.

Parece oportuno que, nesta nova etapa, a Xunta de Galicia siga a poñer en valor a fortaleza que supón o aprecio social pola cultura galega e manteña o apoio ás industrias culturais como elementos xeradores de emprego e de reforzo da imaxe da nosa comunidade no ámbito internacional.

Nun mundo cada vez máis globalizado, os poderes públicos non poden deixar pasar as oportunidades que a cultura ofrece polo que supón de elemento diferencial no mundo e como porta de relación cos países da lusofonía e con outras culturas.

Ao entender do Grupo Parlamentario Popular, resulta de interese acadar que os creadores e as industrias culturais galegas estean cada vez máis presentes en distintos mercados. Coñecer de onde partimos en materia de internacionalización da cultura galega pode servir para concretar mellor cada onde queremos e podemos chegar ao longo dos vindeiros anos.

Por todo o exposto, os deputados asinantes, formulan a seguinte pregunta en Comisión:

Que medidas pensa adoptar a Xunta de Galicia para axudar á internacionalización da cultura galega?

Santiago de Compostela, 4 de novembro de 2016

Asinado dixitalmente por:

César Manuel Fernández Gil na data 04/11/2016 18:13:24

Moisés Blanco Paradelo na data 04/11/2016 18:13:32

María Sol Díaz Mouteiro na data 04/11/2016 18:13:39

Teresa Egerique Mosquera na data 04/11/2016 18:13:46

Martín Fernández Prado na data 04/11/2016 18:14:07

Carlos Enrique López Crespo na data 04/11/2016 18:14:16

A Mesa do Parlamento

César Fernández Gil, Moisés Blanco Paradelo, Marisol Díaz Mouteira, Teresa Egerique Mosquera, Martín Fernández Prado e Carlos López Crespo, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo, 98, 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta oral en Comisión** polo trámite de **urxencia**.

Xustificación da urxencia

A urxencia ven motivada pola necesidade de que o Goberno galego explique en Sede Parlamentaria, como se vai a desenvolver o presente curso escolar 2016-2017.

As políticas do Goberno do Partido Popular de Galicia, desenvolvidas nos últimos anos en Galicia pasaron por afrontar unha transformación do ensino non universitario ao longo do primeiro mandato e por consolidar “a revolución silenciosa”, no segundo.

Hai un importante camiño percorrido, pero faise preciso seguir traballando para acadar para Galicia unha Educación máis moderna, xusta socialmente e de calidade. Ese foi o compromiso adquirido de novo cos galegos e galegas e que toca comezar a executar ao logo da X Lexislatura.

Sen dúbida, hai que seguir aplicando políticas educativas pensadas por e para o alumnado, para os centros, para o profesorado e os equipos directivos, así como para as familias.

No inicio dunha nova lexislatura temos xa un curso escolar en marcha e parece oportuno coñecer cal é a situación actual e cara onde se pode ir. Gustaríanos saber se o curso 2016-17 está desenvolvéndose con normalidade e como o está a percibir a comunidade educativa galega.

Por todo o exposto, os deputados asinantes, formulan a seguinte pregunta en Comisión:

Cal é a actual situación do ensino galego en canto ao desenvolvemento do presente curso 2016-2017?

Santiago de Compostela, 4 de novembro de 2016

Asinado dixitalmente por:

César Manuel Fernández Gil na data 04/11/2016 18:16:19

Moisés Blanco Paradelo na data 04/11/2016 18:16:26

María Sol Díaz Mouteiro na data 04/11/2016 18:16:33

Teresa Egerique Mosquera na data 04/11/2016 18:16:40

Martín Fernández Prado na data 04/11/2016 18:16:52

Carlos Enrique López Crespo na data 04/11/2016 18:16:59

Á Mesa do Parlamento

José González Vázquez, Raquel Arias Rodríguez, José Manuel Balseiro Orol, Moisés Blanco Paradelo, Susana López Abella, Carlos E. López Crespo, deputados e deputadas do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto nos artigos 98,152 e concordantes do Regulamento da Cámara presentan, ante esa Mesa, a seguinte Pregunta Oral Urxente en Comisión.

Xustificación da urxencia.

A urxencia ven motivada pola necesidade de que o Goberno Galego explique canto antes a súa posición sobre un tema de gran interese na nosa Comunidade Autónoma.

Exposición de motivos

Galicia é unha das máis importantes potencias forestais de Europa, cunha superficie arborada de máis de 1.400.000 hectáreas, o que representa o 48% de toda o territorio. Delas, máis de 120.000 corresponden a superficie forestal certificada, o que a coloca á fronte do Estado en canto a xestión forestal sustentable.

O desenvolvemento rural da nosa Comunidade pasa ineludiblemente polo compromiso cunha xestión que valorice potencial dos nosos montes dende o punto de vista socioeconómico e ambiental e neste obxectivo son básicos os apoios que desde o Goberno galego se poidan desenvolver.

En concreto, a Consellería do Medio Rural vén de duplicar no ano 2016 os fondos destinados ás axudas para a reforestación e creación de superficies forestais, ao pasar dos 2,5 millóns de euros iniciais a 5 millóns de euros.

A finalidade destas achegas é fomentar a forestación en terreos non agrícolas, diminuír as masas forestais monoespecíficas para favorecer así o aumento da diversidade. Tamén se busca incrementar a superficie forestal arborada e diminuír o risco de incendios forestais mediante a valorización destes terreos

En relación con este asunto, o deputados e deputadas asinantes formulan as seguintes preguntas orais en comisión:

1.- Que razóns xustifican a decisión anunciada pola Consellería do Medio Rural de incrementar o orzamento destas axudas?

2.- Quen pode ser beneficiarios destes apoios?

3.- Que actuacións prácticas se están a desenvolver amparadas nestas liñas de axudas?

4.- Que valoración fai o Goberno galego da acollida que entre o sector están a ter as subvencións citadas?

Santiago de Compostela a 4 de novembro de 2016

Asinado dixitalmente por:

José González Vázquez na data 04/11/2016 18:01:28

Raquel Arias Rodríguez na data 04/11/2016 18:01:53

José Manuel Balseiro Orol na data 04/11/2016 18:01:58

Moisés Blanco Paradelo na data 04/11/2016 18:02:14

María Susana López Abella na data 04/11/2016 18:02:20

Carlos Enrique López Crespo na data 04/11/2016 18:02:28

Á Mesa do Parlamento

José González Vázquez, Raquel Arias Rodríguez, José Manuel Balseiro Orol, Moisés Blanco Paradelo, Susana López Abella e Carlos E. López Crespo, deputados e deputadas do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto nos artigos 98,152 e concordantes do Regulamento da Cámara presentan, ante esa Mesa, a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Comisión polo trámite de urxencia.

Xustificación da Urxencia

A urxencia ven motivada pola necesidade de que o Goberno Galego explique canto antes a súa posición sobre un tema de gran interese na nosa Comunidade Autónoma:

Exposición de Motivos

Ninguén dubida da riqueza ambiental, económica e social do monte en Galicia, ata o punto de situarnos no liderado en España no eido forestal. A nosa é a comunidade con máis árbores por habitante, e aquí se produce aproximadamente a metade de toda a madeira que se corta a nivel nacional.

Como consecuencia disto, cobran especial relevancia todas as medidas que poidan ir dirixidas a potenciar este sector e hoxe en particular, quixéramos centrarnos nos distintos apoios promovidos desde o Goberno galego en relación cos nosos montes.

Así por exemplo, en 2016 a Consellería do Medio Rural acordou a ampliación ata os 11 millóns de euros do montante das axudas dirixidas a promover accións de silvicultura nos bosques galegos.

Por silvicultura a Real Academia Galega entende o coidado dos bosques, montes e selvas. E por extensión, a ciencia que trata de este cultivo; así como da explotación racional e a conservación das áreas forestais. Son definicións que poden valernos para entender a importancia de promover todo ese tipo de técnicas que se realizan nos nosos montes.

Moitas veces estes traballos silvícolas supoñen un notable esforzo para os propietarios forestais, especialmente os máis pequenos: Requiren en ocasións, do uso de maquinaria especializada, noutros casos da contratación externa destes traballos, cando a idade ou as condicións físicas dos propietarios non lles permite realizalos directamente.

Claro, temos que entender que, estes traballos se desenvolven nun monte, como é o galego, cunhas características moi particulares. Con datos aproximados, máis do 90% da superficie forestal en Galicia está en mans privadas; hai uns 700.000 propietarios forestais que suponen case o 25% da poboación, sobre superficies medidas menores a dúas hectáreas, xunto á particularidade dos montes veciñas e en man común.

En conclusión, hai un amplo número de pequenos propietarios forestais que son corresponsables no deseño e execución das tarefas de silvicultura coas que quere colaborar a Xunta.

En relación con este asunto, o os deputados e deputadas asinantes formula as seguintes Preguntas orais en Comisión polo trámite de urxencia:

1. Que motivos xustifican a decisión de ampliar estas axudas?
2. Cales son as actuacións prácticas obxecto de subvención?
3. Ademais dos propietarios particulares que outros colectivos ou agrupacións poden beneficiarse destas axudas?
4. A canto pode ascender a porcentaxe de axuda sobre o custe real do investimento?
5. Que valoración fai o Goberno galego da importante demanda que en Galicia está a darse destas axudas?

Santiago de Compostela, 4 novembro de 2016

Asinado dixitalmente por:

José González Vázquez na data 04/11/2016 18:03:12

Raquel Arias Rodríguez na data 04/11/2016 18:03:33

José Manuel Balseiro Orol na data 04/11/2016 18:03:40

Moisés Blanco Paradelo na data 04/11/2016 18:03:53

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdeg Galicia.com

María Susana López Abella na data 04/11/2016 18:04:14

Carlos Enrique López Crespo na data 04/11/2016 18:04:35

Á Mesa do Parlamento

José González Vázquez, Raquel Arias Rodríguez, José Manuel Balseiro Orol, Moisés Blanco Paradelo, Susana López Abella, Carlos E. López Crespo, deputados e deputadas do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto nos artigos 98, 152 deputados e deputadas do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto nos artigos 98, 152 e concordantes do Regulamento da Cámara presentan, ante esa Mesa, a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Comisión polo trámite de urxencia.

Xustificación da Urxencia.

A urxencia ven motivada pola necesidade de que o Goberno Galego explique canto antes a súa posición sobre un tema de gran interese na nosa Comunidade Autónoma

Exposición de Motivos:

O inmenso potencial forestal de Galicia, que conta no seu territorio con máis de 1.400.000 hectáreas de superficie arborada, converte aos aproveitamentos do monte nun dos ámbitos máis relevantes a ter en conta no presente e futuro da nosa terra.

A madeira, os froitos das árbores, os aproveitamentos cinexéticos e tamén a biomasa, entre outros, constitúen toda unha oportunidade para o desenvolvemento rural de Galicia e a consolidación da riqueza e o emprego.

Nos últimos anos o Goberno galego demostra unha especial aposta pola potenciación estratéxica da biomasa, unha fonte de enerxía renovable que se compón da materia viva producida polas plantas, árbores, fungos ou bacterias vinculadas ao noso monte.

Aínda que ten sido aproveitada dende que o home utiliza o lume, a consideración actual da biomasa como fonte de enerxía limpa faise dende unha nova perspectiva. O seu aproveitamento enerxético permite converter un residuo nun recurso.

Por outra banda, a súas múltiples funcionalidades permiten xerar toda unha industria entorno a súa produción e aproveitamento, e importantes aforros enerxéticos e vantaxes ambientais.

Conscientes desta realidade, a Xunta de Galicia vén de impulsar diversas liñas de axuda con este recurso ecolóxico como protagonista, como son os apoios para

proxectos de equipamentos térmicos de biomasa dirixidos a administracións, empresas e outras entidades.

En relación con este asunto, o os deputados e deputadas asinantes formulan as seguintes preguntas orais en comisión polo trámite de urxencia:

- 1.-) ¿En que consisten estas axudas? En particular, ¿Cales son os custos subvencionables a través destes apoios da Xunta?
- 2.-) ¿Quen pode beneficiarse destas subvencións?
- 3.-) ¿A canto ascende o orzamento previsto para estes apoios?
- 4.-) ¿Cal é a intensidade destas axudas dirixidas a administracións, empresas e outras entidades?
- 5.-) ¿Que valoración fai o Goberno galego do aproveitamento da biomasa para proxectos de equipamentos térmicos e das vantaxes que este uso implica desde o punto de vista tanto social coma ambiental e económico?

Santiago de Compostela 4 novembro 2016

Asinado dixitalmente por:

José González Vázquez na data 04/11/2016 18:05:17

Raquel Arias Rodríguez na data 04/11/2016 18:05:34

José Manuel Balseiro Orol na data 04/11/2016 18:05:40

María Susana López Abella na data 04/11/2016 18:05:54

Carlos Enrique López Crespo na data 04/11/2016 18:06:15

Moisés Blanco Paradelo na data 04/11/2016 18:06:32

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

Á Mesa do Parlamento

José González Vázquez, Raquel Arias Rodríguez, José Manuel Balseiro Orol, Moisés Blanco Paradelo, Susana López Abella, Carlos E. López Crespo, deputados e deputadas do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto nos artigos 98, 152 deputados e deputadas do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto nos artigos 98, 152 e concordantes do Regulamento da Cámara presentan, ante esa Mesa, a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Comisión.

Xustificación da Urgencia.

A urxencia ven motivada pola necesidade de que o Goberno Galego explique canto antes a súa posición sobre un tema de gran interese na nosa Comunidade Autónoma

Exposición de Motivos.

O inmenso potencial forestal de Galicia, que conta no seu territorio con máis de 1.400.000 hectáreas de superficie arborada, converte aos aproveitamentos do monte nun dos ámbitos máis relevantes a ter en conta no presente e futuro da nosa terra.

A madeira, os froitos das árbores, os aproveitamentos cinexéticos e tamén a biomasa, entre outros, constitúen toda unha oportunidade para o desenvolvemento rural de Galicia e a consolidación da riqueza e o emprego.

Nos últimos anos o Goberno galego demostra unha especial aposta pola potenciación estratéxica da biomasa, unha fonte de enerxía renovable que se compón da materia viva producida polas plantas, árbores, fungos ou bacterias vinculadas ao noso monte.

Aínda que ten sido aproveitada dende que o home utiliza o lume, a consideración actual da biomasa como fonte de enerxía limpa faise dende unha nova perspectiva. O seu aproveitamento enerxético permite converter un residuo nun recurso.

Por outra banda, a súas múltiples funcionalidades permiten xerar toda unha industria entorno a súa produción e aproveitamento, e importantes aforros enerxéticos e vantaxes ambientais.

Conscientes desta realidade, a Xunta de Galicia vén de impulsar diversas liñas de axuda con este recurso ecolóxico como protagonista, como son os apoios para a

creación, mellora e ampliación de pequenas infraestruturas para proxectos de equipamentos térmicos de biomasa destinadas a particulares

En relación con este asunto, os deputados e deputadas asinantes formulan as seguintes preguntas orais en comisión polo trámite de Urgencia.

- 1.-) ¿En que consisten estas axudas? En particular, ¿Cales son os custos subvencionables a través destes apoios da Xunta?
- 2.-) ¿Quen pode beneficiarse destas subvencións?
- 3.-) ¿A canto ascende o orzamento previsto para estes apoios?
- 4.-) ¿Cal é a intensidade destas axudas dirixidas a particulares?
- 5.-) ¿Que valoración fai o Goberno galego do aproveitamento da biomasa para proxectos de equipamentos térmicos e das vantaxes que este uso implica desde o punto de vista tanto social coma ambiental e económico?

Santiago de Compostela, 4 de novembro de 2016

Asinado dixitalmente por:

José González Vázquez na data 04/11/2016 18:07:30

Raquel Arias Rodríguez na data 04/11/2016 18:07:47

José Manuel Balseiro Orol na data 04/11/2016 18:07:53

Moisés Blanco Paradelo na data 04/11/2016 18:08:05

María Susana López Abella na data 04/11/2016 18:08:11

Carlos Enrique López Crespo na data 04/11/2016 18:08:20

Á Mesa do Parlamento

José Manuel Balseiro Orol, José Manuel Cores Tourís, Carlos E. López Crespo, Ma Guadalupe Murillo Solís, Aurelio Núñez Centeno e Marta Rodríguez Arias, deputados e deputadas pertencentes ao Grupo Parlamentario Popular, ao abeiro do disposto nos artigos 98, 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte Pregunta Oral Urxente en Comisión.

Xustificación da urxencia.

A urxencia ven motivada pola necesidade de que o Goberno Galego explique canto antes a súa posición sobre un tema de gran interese na nosa Comunidade Autónoma.

Exposición de Motivos:

O polbo (*Octopus vulgaris*) é unha especie actualmente sometida a diversas medidas técnicas de xestión e ordenación da súa pesquería. De entre estas medidas, a veda temporal é unha das medidas técnicas que comprende o plan experimental do polbo, co fin de axustar a xestión pesqueira ao ciclo de vida da especie e así protexer a súa reprodución e contribuír a unha explotación máis sustentable, o que redundará en beneficio do sector.

Durante o período de veda do polbo queda expresamente prohibida a captura desta especie, por medio de calquera arte, en augas nas que Galicia ten competencias en marisqueo. Polo tanto, as embarcacións dedicadas á captura de polbo con nasas deberán retiralas do seu calado e levalas a porto. Este tempo de veda é tamén aplicable á pesca marítima de recreo e ás capturas acadadas con calquera outra arte distinta da nasa para polbo.

A campaña do polbo reiniciouse de novo o 4 de xullo deste ano e prolongarase ata a data de inicio da veda do ano 2017. Esta nova campaña presenta unha serie de novidades que busca implicar ao sector no labor de control da pesca para evitar a sobreexplotación. Xunto a esta novidade regúlanse tamén os topes de capturas, horarios e zonas de traballo que repercutirán positivamente na mellora do recurso.

En virtude deste reinicio e do tempo transcorrido desde entón, os deputados e deputadas asinantes formulan as seguintes preguntas Oraís en Comisión polo trámite de urxencia:

1. Cales son as principais novidades do plan que rexe a captura de polbo no noso litoral?

2. Cómo está a desenvolverse a campaña do polbo desde que se produciu a apertura da súa veda?

Santiago de Compostela a 4 de novembro de 2.016

Asinado dixitalmente por:

José Manuel Balseiro Orol na data 04/11/2016 18:11:01

José Manuel Cores Tourís na data 04/11/2016 18:11:18

Carlos Enrique López Crespo na data 04/11/2016 18:11:25

María Guadalupe Murillo Solís na data 04/11/2016 18:11:51

Aurelio Alfonso Núñez Centeno na data 04/11/2016 18:11:57

Marta Rodriguez Arias na data 04/11/2016 18:12:02

Á Mesa do Parlamento

José Manuel Balseiro Orol, José Manuel Cores Tourís, Carlos E. López Crespo, Aurelio Nuñez Centeno, Marta Rodríguez Arias, deputados e deputadas pertencentes ao Grupo Parlamentario Popular, ao abeiro do disposto nos artigos 98, 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte Pregunta Oral Urxente en Comisión.

Xustificación da urxencia.

A urxencia ven motivada pola necesidade de que o Goberno Galego explique canto antes a súa posición sobre un tema de gran interese na nosa Comunidade Autónoma.

Exposición de Motivos:

En maio de 2016 as instalacións da empresa Fandicosta situadas en Moaña, na ría de Vigo, sufriron un incendio de enormes proporcións que provocou múltiples danos así como o cese de actividade desta factoría.

Cómpre lembrar que esta compañía é un dos principais grupos pesqueiros de Europa, con flota propia, e constitúe todo un referente entre as empresas que lideran o mercado no ámbito da transformación e elaboración de peixe conxelado.

O presidente do Goberno galego, Alberto Núñez Feijóo, acompañado dos responsables das consellerías do Mar e da consellería de Economía, Emprego e Industria, tiveron a oportunidade de visitar as instalacións afectadas polo lume e manter un encontro con representantes da dirección da empresa e do seus traballadores.

Tras a supervisión dos danos o titular do Executivo autonómico avanzou a disposición da Xunta de Galicia de apoiar á empresa e aos seus traballadores para abordar a recuperación das instalacións de Fandicosta, obxectivo no que tamén buscaban contar coa colaboración do Goberno central.



GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/11/2016 18:24
Nº Rexistro: 764
Data envío: 04/11/2016 18:24:43.836

Polo exposto, os deputados e deputadas asinantes formulan a seguinte Pregunta Oral Urxente en Comisión:

Que liñas de apoio desenvolveu a Xunta de Galicia para colaborar na recuperación da actividade en Fandicosta?

Santiago de Compostela a 4 de novembro de 2.016

Asinado dixitalmente por:

José Manuel Balseiro Orol na data 04/11/2016 18:12:56

José Manuel Cores Tourís na data 04/11/2016 18:13:16

Carlos Enrique López Crespo na data 04/11/2016 18:13:24

Aurelio Alfonso Núñez Centeno na data 04/11/2016 18:13:32

Marta Rodríguez Arias na data 04/11/2016 18:13:37

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

Á Mesa do Parlamento

José Manuel Balseiro Orol, José Manuel Cores Tourís, Carlos E. López Crespo, Ma Guadalupe Murillo Solís, Aurelio Nuñez Centeno, Marta Rodríguez Arias, deputados e deputadas pertencentes ao Grupo Parlamentario Popular, ao abeiro do disposto nos artigos 98, 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte Pregunta Oral Urxente en Comisión.

Xustificación da urxencia.

A urxencia ven motivada pola necesidade de que o Goberno Galego explique canto antes a súa posición sobre un tema de gran interese na nosa Comunidade Autónoma.

Exposición de Motivos:

As medidas de prevención e preparación fronte aos riscos derivados do tráfico marítimo e das actividades industriais costeiras son claves para minimizar os impactos que poden producirse tras un episodio de contaminación mariña.

Para dar resposta a estas eventualidades o Goberno galego deseñou e puxo en marcha o Plan territorial por contaminación mariña accidental de Galicia (Plan CAMGAL) que cumpre catro anos en vigor.

Co desenvolvemento do Plan CAMGAL por primeira vez na nosa Comunidade se abordaban estas posibles situacións de maneira conxunta e coordinada independentemente da orixe terrestre ou mariña da vertedura, ou da natureza do axente contaminante.

Na pasada lexislatura, distintos departamentos autonómicos traballaron na actualización deste Plan para incorporar as novidades lexislativas e tecnolóxicas que foron aparecendo no eido da contaminación mariña accidental dende a súa posta en marcha no ano 2012.

Polo exposto, os deputados e deputadas asinantes formulan as seguintes preguntas Oraís Urxente en Comisión:

- 1.-) ¿Que departamentos autonómicos formaron parte da comisión encargada de revisión deste Plan CAMGAL?
- 2.-) ¿Cales son as principais novidades que se incorporaron no proceso de actualización do Plan CAMGAL?

3.-) ¿Que outras ferramentas implementáronse para dar apoio á loita contra a contaminación mariña accidental?

4.-) ¿Que previsións existen en relación coa participación e coordinación cos concellos litorais na resposta a este tipo de episodios contaminantes?

Santiago de Compostela a 4 de novembro de 2.016

Asinado dixitalmente por:

José Manuel Balseiro Orol na data 04/11/2016 18:14:44

José Manuel Cores Tourís na data 04/11/2016 18:14:59

Carlos Enrique López Crespo na data 04/11/2016 18:15:21

María Guadalupe Murillo Solís na data 04/11/2016 18:15:32

Aurelio Alfonso Núñez Centeno na data 04/11/2016 18:15:38

Marta Rodriguez Arias na data 04/11/2016 18:15:41

Á Mesa do Parlamento

José González Vázquez, Raquel Arias Rodríguez, José Manuel Balseiro Orol, Moisés Blanco Paradelo, Carlos E.López Crespo, Susana López Abella, Cristina Romero Fernández e Miguel Tellado Filgueira, deputados e deputadas do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 155.5 e concordantes do Regulamento da Cámara presentan, ante esa Mesa, a seguinte Pregunta Oral Urxente para a súa resposta oral en Comisión.

Xustificación da Urxencia:

A urxencia ven motivada pola necesidade de que o Goberno Galego explique canto antes a súa posición sobre un tema de gran interés na nosa Comunidade Autónoma.

Exposición de Motivos:

A Xunta de Galicia creará un distintivo de calidade para os alimentos artesanais de Galicia a través dun decreto específico da Consellería do Medio Rural de próxima publicación no Diario Oficial de Galicia (DOG). Con esta norma preténdese recoñecer e fomentar os valores económicos, culturais e sociais que a artesanía alimentaria representa para Galicia e preservar e conservar as pequenas empresas familiares que elaboran produtos alimenticios.

Estes produtos, de elevada calidade polas materias primas utilizadas e polo esmero do artesán ou artesá na súa elaboración, comercializaranse co distintivo da “ARTESANÍA ALIMENTARIA”. Dentro destes, os que proveñan de zonas de montaña poderán levar ademais a mención “PRODUTO DE MONTAÑA” e os que estean elaborados utilizando materias primas da propia explotación agraria á que estean ligados poderán utilizar tamén a mención “PRODUTO ARTESÁN DA CASA” ou “PRODUTO ARTESÁN CASEIRO”.

Para regular esta materia, pártese de que Galicia conta cunha gran tradición na elaboración de produtos alimentarios artesanais, que forman parte da súa cultura popular e que gozan dun alto aprecio entre os consumidores, mesmo fóra da comunidade. A elaboración destes produtos ten contribuído non só a engrandecer a riqueza cultural de Galicia senón á creación dunha economía básica para moitas familias do medio rural.

Por iso, a regulación da artesanía alimentaria debe contemplar a súa vinculación á produción de materias primas de calidade, a estruturas produtivas familiares, ao medio rural e á súa tradición e cultura, á calidade dos produtos e á protección do medio natural, entre outros factores específicos.



Polo exposto o deputados e deputadas asinantes formulan as seguintes Preguntas Oraís en Comisión:

- 1- Cando agarda a Xunta de Galicia que entre en vigor o novo decreto regulador da artesanía alimentaria?
- 2- Como foi o proceso de elaboración do texto, que axentes foron consultados e que suxestións foron incorporadas?
- 3- Que beneficios se agardan que esta nova normativa reporte ao sector?

Santiago de Compostela, 4 de novembro de 2.016.

Asinado dixitalmente por:

José González Vázquez na data 04/11/2016 18:16:37

Raquel Arias Rodríguez na data 04/11/2016 18:16:59

José Manuel Balseiro Orol na data 04/11/2016 18:17:06

Moisés Blanco Paradelo na data 04/11/2016 18:17:18

Carlos Enrique López Crespo na data 04/11/2016 18:17:23

María Susana López Abella na data 04/11/2016 18:17:30

Cristina Isabel Romero Fernández na data 04/11/2016 18:17:37

Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 04/11/2016 18:17:43

Á Mesa do Parlamento

José González Vázquez, Raquel Arias Rodríguez, José Manuel Balseiro Orol, Moisés Blanco Paradelo, Carlos E.López Crespo, Susana López Abella, deputados e deputadas do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto nos artigos 98,152 e concordantes do Regulamento da Cámara presentan, ante esa Mesa, a seguinte Pregunta Oral Urxente para a súa resposta en Comisión.

Xustificación da Urxencia:

A urxencia ven motivada pola necesidade de que o Goberno Galego explique canto antes a súa posición sobre un tema de gran interese na nosa Comunidade Autónoma.

Exposición de Motivos:

A concentración/reestruturación parcelaria é un proceso moi complexo pero moi importante para o medio rural galego e supón unha clara aposta polo sector agrario, pero ademais, fai que o rural ofrezca máis posibilidades de futuro((traballo, potencia as explotacións, mellora as comunicacións...).

Dada a súa importancia, este ano déuselle un gran impulso destinando a tal fin 27,1 millóns de euros, que na súa meirande parte, serven para a execución das redes de camiños de concentración. Dada a dificultade da execución destas actuacións, coñecida por todos, moitas destas obras teñen carácter bianual, polo que, aínda que se contraten este ano non se finalizarán ata o ano que ven, que é cando poderemos ter rematadas un bo número de redes de camiños tanto principais como secundarias, permitindo mellorar os desprazamentos e facendo máis sostible o aproveitamento da terra.

A Lei de mellora da estrutura territorial agraria de Galicia, un dos principais avances neste eido da lexislatura pasada, é o paso máis importante de cara a simplificar as distintas fases de concentración e para optimizar a xestión dos recursos dispoñibles. Polo tanto, destinaremos unha media de 20 millóns de euros anuais, porque o rural ten que ser unha opción de futuro.

Polo exposto os deputados e deputadas abaixo asinantes formulan as seguintes Preguntas Oraís en Comisión polo trámite de urxencia:

-Que previsión manexa a consellería do medio rural respecto ás actuacións a realizar nos vindeiros 4 anos co fin de potenciar a concentración?.

-En qué medida a lei de mellora da estrutura territorial agraria de Galicia vai a favorecer alcanzar os obxectivos de futuro?.

-Que medios se van a poñer a disposición para dar remate ás concentracións vivas?.

Santiago de Compostela, 4 de novembro 2.016.

Asinado dixitalmente por:

José González Vázquez na data 04/11/2016 18:18:40

Raquel Arias Rodríguez na data 04/11/2016 18:18:54

José Manuel Balseiro Orol na data 04/11/2016 18:19:00

Moisés Blanco Paradelo na data 04/11/2016 18:19:12

Carlos Enrique López Crespo na data 04/11/2016 18:19:17

María Susana López Abella na data 04/11/2016 18:19:24

Á Mesa do Parlamento

José González Vázquez, Raquel Arias Rodríguez, José Manuel Balseiro Orol, Moisés Blanco Paradelo, Carlos E. López Crespo, Susana López Abella, deputados e deputadas do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto nos artigos 98, 152 e concordantes do Regulamento da Cámara presentan, ante esa Mesa, a seguinte Pregunta Oral Urxente en Comisión.

Xustificación da Urgencia:

A urxencia ven motivada pola necesidade de que o Goberno Galego explique canto antes a súa posición sobre un tema de gran interese na nosa Comunidade Autónoma.

Exposición de Motivos:

No concello de Porto do Son realizáronse traballos de recuperación nos montes afectados este verán polos incendios forestais. Estes traballos comezaron a realizarse á semana de producirse o incendio forestal, co restablecemento de peches para o gando que estaba de forma extensiva nos montes da zona, ademais de provelos de alimentos, e co arranxo e aprovisionamento das colmeas.

Entre as diferentes actuacións, realizáronse traballos de helimulching, que consisten en cubrir o solo con palla para protexelo da erosión e así evitar que os arrastres poidan afectar aos leitos dos ríos e ao mar.

A Xunta destina un orzamento de seis millóns de euros para facer un control dos riscos hidrolóxicos erosivos asociados aos lumes e atallar os posibles procesos de degradación dos solos afectados e así contribuír a recuperar o potencial forestal.

Ademais das actuacións específicas de consolidación de solos vanse realizar outras accións, como a eliminación de madeira queimada sen valor de mercado para mellorar a posterior rexeneración do arborado ou aproveitamento da madeira recuperable; mellorar as infraestruturas forestais das zonas queimadas e recuperar infraestruturas de protección dos terreos forestais, tales como peches gandeiros afectados incluíndo a substitución dos queimados e as súas infraestruturas complementarias.

A maiores, a Consellería do Medio Rural abriu unha liña de axudas para particulares que sufriran danos polos incendios deste verán cun orzamento dun millón de euros. Deste xeito, pretendese paliar as consecuencias provocadas a particulares polas dúas grandes vagas de incendios sufridos este verán nos meses de agosto e setembro. Estas achegas, de carácter excepcional, súmanse ademais ao resto de liñas de axudas

postas en marcha dende as distintas consellerías co mesmo fin e que, xuntas, alcanzan os 10 millóns de euros.

Polo exposto, os deputados e deputadas asinantes formulan as seguintes Preguntas Oraís en Comisión polo trámite de urxencia:

- 1.-En que consiste esta nova práctica de helimulching?
- 2.-Que outras actuacións está previsto que se realicen nos terreos afectados?
- 3.-En que zonas está previsto realizar estes traballos?
- 4.-Que medidas ten previsto adoptar a Consellería do Medio Rural para a recuperación dos montes?

Santiago de Compostela, 4 de novembro 2.016.

Asinado dixitalmente por:

José González Vázquez na data 04/11/2016 18:20:20

Raquel Arias Rodríguez na data 04/11/2016 18:20:35

José Manuel Balseiro Orol na data 04/11/2016 18:20:42

Moisés Blanco Paradelo na data 04/11/2016 18:20:54

Carlos Enrique López Crespo na data 04/11/2016 18:20:59

María Susana López Abella na data 04/11/2016 18:21:06

Á Mesa do Parlamento

José Manuel Balseiro Orol, José Manuel Cores Tourís, Carlos E. López Crespo, M^a Guadalupe Murillo Solís, Aurelio Núñez Centeno e Marta Rodríguez Arias, deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario Popular, ao abeiro do disposto nos artigos 98, 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte Pregunta Oral Urxente en Comisión.

Xustificación da urxencia.

A urxencia ven motivada pola necesidade de que o Goberno Galego explique canto antes a súa posición sobre un tema de gran interese na nosa Comunidade Autónoma.

Exposición de Motivos:

O sector marítimo-pesqueiro continúa sendo un dos primeiros axentes da economía galega. Segundo datos dos servizos estatísticos da Xunta, os sectores extractivo, acuícola e transformador empregan conxuntamente en Galicia a preto de 38.000 persoas, representando aproximadamente o 52% do emprego total pesqueiro en España e o 10% no conxunto da UE.

Neste senso, a descarga e comercialización de peixe e marisco fresco supón un importante pilar deste sector, e neste tramo da cadea económica consolídase unha das principais características do noso eido marítimo pesqueiro como é a ampla distribución xeográfica e laboral da actividade.

É unha realidade que as lonxas da nosa comunidade levan experimentando uns datos moi positivos nas últimas anualidades. O incremento das cotas nas especies obxectivo da nosa flota, ou o novo modelo de xestión para o Cantábrico e Noroeste, que permite o desembarco nos nosos portos do peixe que se pesca neste litoral son factores que teñen incidido nestes bos datos.

A piques de rematar o 2016, cómpre facer balance da evolución experimentada no relativo ás descargas, facturación de venda dos peixes e mariscos que pasaron polas lonxas galegas.

En relación con este asunto, os deputados e deputadas asinantes, formulan as seguintes Preguntas Oraís urxente en Comisión:

- 1.- Cal é a evolución das descargas e facturación de peixe e marisco fresco nas lonxas galegas no que vai de ano?

2.- Cal é a evolución con respecto de anos anteriores?

3.- Cal é o comportamento das principais especies de interese para a nosa flota?

Santiago de Compostela a 4 de novembro de 2.016

Asinado dixitalmente por:

José Manuel Balseiro Orol na data 04/11/2016 18:22:53

José Manuel Cores Tourís na data 04/11/2016 18:23:05

Carlos Enrique López Crespo na data 04/11/2016 18:23:13

María Guadalupe Murillo Solís na data 04/11/2016 18:23:24

Aurelio Alfonso Núñez Centeno na data 04/11/2016 18:23:30

Marta Rodríguez Arias na data 04/11/2016 18:23:34

Á Mesa do Parlamento

Aurelio Núñez Centeno, Miguel Tellado Filgueira, Marta Rodríguez Arias, Encarnación Amigo Díaz e Marta Rodríguez-Vispo Rodríguez, deputados e deputadas do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto nos artigos 152, 98 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **Pregunta Oral Urxente en Comisión**.

Xustificación da urxencia:

A urxencia ven motivada pola necesidade de que o Goberno Galego explique canto antes a súa posición sobre un tema de grande interese na nosa Comunidade Autónoma.

Exposición de motivos:

O pasado verán, presentouse a Rede Galega de Praias sen Fume, iniciativa posta en marcha pola Consellería de Sanidade para promover praias que respecten e coiden o medio ambiente.

Este proxecto de Praias sen fume é o primeiro que se impulsa a nivel de toda unha Comunidade Autónoma, sendo Galicia, unha vez máis, pioneira dunha iniciativa no contorno da promoción da saúde e prevención da enfermidade.

Polo exposto, os deputados e deputadas asinantes formulan a seguinte Pregunta Oral urxente en Comisión:

“Cáles son e cómo valoran a Consellería de Sanidade e o Servizo Galego de Saúde os resultados do proxecto Praias sen fume neste primeiro verán dende a súa implantación?”

Santiago de Compostela 07 de novembro de 2016.

Asinado dixitalmente por:

Aurelio Alfonso Núñez Centeno na data 07/11/2016 11:23:22

Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 07/11/2016 11:23:32

Marta Rodriguez Arias na data 07/11/2016 11:23:43

María Encarnación Amigo Díaz na data 07/11/2016 11:24:07

Marta María Rodríguez-Vispo Rodríguez na data 07/11/2016 11:24:21

Á Mesa do Parlamento

Aurelio Núñez Centeno, Miguel Tellado Filgueira, Marta Rodríguez Arias, Encarnación Amigo Díaz e Marta Rodríguez-Vispo Rodríguez, ao abeiro do disposto nos artigos 152, 98 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **Pregunta Oral Urxente en Comisión**.

Xustificación da urxencia:

A urxencia ven motivada pola necesidade de que o Goberno Galego explique canto antes a súa posición sobre un tema de grande interese na nosa Comunidade Autónoma.

Exposición de motivos:

A plena integración social das persoas con discapacidade pasa por incentivar, facilitar e favorecer o acceso das mesmas ao mundo laboral.

Os pasados meses de setembro e outubro, a Consellería de Sanidade e FADEMGA (Federación Galega de Asociacións en favor das Persoas con Discapacidade Intelectual ou do Desenvolvemento) - Plena inclusión Galicia, por unha banda, e coa Federación Galega de Institucións para a Síndrome de Down, por outra. Ditos Convenios ten por obxecto establecer as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a Consellería de Sanidade e ambas institucións para o desenvolvemento de actividades que teñan por finalidade facilitar a adaptación e o desenvolvemento das funcións nos postos de traballo das persoas destes colectivos que pasen a prestar servizos no Servizo Galego de Saúde, como persoal estatutario fixo ou persoal temporal.

Polo exposto, os deputados e deputadas asinantes formulan a seguinte Pregunta Oral urxente en Comisión:

“Cómo facilitarán os convenios con FADEMGA e coa Federación Galega de Institucións para a Síndrome de Down a plena integración laboral das persoas con estas discapacidades?”

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

Santiago de Compostela 07 de novembro de 2016.

Asinado dixitalmente por:

Aurelio Alfonso Núñez Centeno na data 07/11/2016 11:21:47

Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 07/11/2016 11:21:56

Marta Rodríguez Arias na data 07/11/2016 11:22:06

María Encarnación Amigo Díaz na data 07/11/2016 11:22:29

Marta María Rodríguez-Vispo Rodríguez na data 07/11/2016 11:22:39

Á Mesa do Parlamento

Aurelio Núñez Centeno, Miguel Tellado Filgueira, Marta Rodríguez Arias, Encarnación Amigo Díaz e Marta Rodríguez-Vispo Rodríguez, deputadas e deputados do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto nos artigos 152, 98 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **Pregunta Oral Urxente en Comisión**.

Xustificación da urxencia:

A urxencia ven motivada pola necesidade de que o Goberno Galego explique canto antes a súa posición sobre un tema de grande interese na nosa Comunidade Autónoma.

Exposición de motivos:

A enfermidade do ictus afecta anualmente en Galicia, segundo datos da Sociedade Galega de Neuroloxía, a unhas 7.000 persoas, con distintos graos de intensidade e de gravidade. Para o seu tratamento é fundamental o diagnóstico precoz da enfermidade.

O Servizo Galego de Saúde implantou este verán o Plan Ictus na Comunidade Autónoma con obxectivo de rebaixar o número de casos. A través del, o Sergas diminuírá o tempo transcorrido entre o inicio dos síntomas e a chegada ao hospital, reducirá a demora na confirmación diagnóstica, adecuará o procedemento terapéutico ás necesidades específicas asistenciais do paciente e coordinará a actuación entre os distintos profesionais.

Polo exposto, os deputados e deputadas asinantes formulan a seguinte Pregunta Oral urxente en Comisión:

“Cáles son e cómo valoran a Consellería de Sanidade e o Servizo Galego de Saúde os primeiros resultados tras a implantación do Plan Ictus?”

Santiago de Compostela 07 de novembro de 2016.

Asinado dixitalmente por:

Aurelio Alfonso Núñez Centeno na data 07/11/2016 11:44:31

Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 07/11/2016 11:44:44

Marta Rodriguez Arias na data 07/11/2016 11:45:01

María Encarnación Amigo Díaz na data 07/11/2016 11:45:24

Marta María Rodríguez-Vispo Rodríguez na data 07/11/2016 11:45:35

Á Mesa do Parlamento

Marta Rodríguez Arias, Aurelio Núñez Centeno, Miguel Tellado Filgueira, Encarnación Amigo Díaz e Marta Rodríguez-Vispo Rodríguez, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto nos artigos, 98, 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta oral en Comisión polo trámite de urxencia**.

Xustificación da urxencia:

A urxencia ven motivada pola necesidade de que o Goberno Galego explique canto antes a súa posición sobre un tema de grande interese na nosa Comunidade Autónoma.

Unha das consecuencias máis graves da actual crise económica son os desafiuzamentos. Co obxectivo de apoiar ás persoas que se atopan nesta situación a Xunta de Galicia asinou un convenio co Consejo General del Poder Judicial e a FEGAMP para a adopción rápida e coordinada de medidas para atender ás familias obxecto dun desafiuzamento.

Asemade, púxose en marcha o Programa Reconduce, que actúa nos casos nos que se detecte risco de desafiuzamento, a través dunha oficina central de asesoramento, integrada por técnicos especializados en dereito, economía financeira, traballo social e psicoloxía.

Polo exposto, os deputados asinantes formulan as seguintes preguntas en Comisión:

- 1- Cal é o balance que fai a Xunta de Galicia do Programa Reconduce desde a súa posta en marcha?
- 2- A cantas familias se ten atendido dende a oficina central?

Santiago de Compostela 7 de novembro de 2016

Asinado dixitalmente por:

Marta Rodriguez Arias na data 07/11/2016 13:44:57

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdeg Galicia.com



GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/11/2016 13:54
Nº Rexistro: 822
Data envío: 07/11/2016 13:54:31.309

Aurelio Alfonso Núñez Centeno na data 07/11/2016 13:45:07

Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 07/11/2016 13:45:15

María Encarnación Amigo Díaz na data 07/11/2016 13:45:25

Marta María Rodríguez-Vispo Rodríguez na data 07/11/2016 13:45:33

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

Á Mesa do Parlamento

Marta Rodríguez Arias, Aurelio Núñez Centeno, Miguel Tellado Filgueira, Encarnación Amigo Díaz e Marta Rodríguez-Vispo Rodríguez, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto nos artigos 98, 152e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral Comisión polo trámite de urxencia**.

Xustificación da urxencia:

A urxencia ven motivada pola necesidade de que o Goberno Galego explique canto antes a súa posición sobre un tema de grande interese na nosa Comunidade Autónoma.

Unha das grandes apostas a nivel europeo e estatal para a prevención da dependencia debe ser un impulso da autonomía das persoas que consiga retrasar esta situación e potenciar un envellecemento activo.

Lograr este obxectivo supón implementar actuacións que faciliten aos maiores a posibilidade de manter a súa actividade tanto no campo social como no laboral.

Nunha situación como a actual, na que a porcentaxe de persoas maiores na nosa comunidade é case da cuarta parte da poboación, é necesario pensar tamén en persoas que non son dependentes, que aínda teñen a posibilidade de achegar moitas cousas á sociedade e manter unha boa calidade de vida.

Polo exposto, os deputados e deputadas asinantes formulan a seguinte pregunta en Comisión:

Que actuacións ten previsto levar a cabo o actual Goberno para cumprir con este obxectivo de envellecemento activo e prevención da dependencia?

Santiago de Compostela 7 de novembro de 2016

Asinado dixitalmente por:

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com



**GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA**



**PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/11/2016 13:54
Nº Rexistro: 825
Data envío: 07/11/2016 13:54:55.840**

Marta Rodriguez Arias na data 07/11/2016 13:47:41

Aurelio Alfonso Núñez Centeno na data 07/11/2016 13:47:51

Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 07/11/2016 13:47:58

María Encarnación Amigo Díaz na data 07/11/2016 13:48:05

Marta María Rodríguez-Vispo Rodríguez na data 07/11/2016 13:48:12

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

Á Mesa do Parlamento

Jaime Castiñeira Broz, Daniel Varela Suanzes-Carpegna, Martín Fernández Prado, Marta Nóvoa Iglesias e Álvaro Pérez López, deputados e deputada do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto nos artigos 98, 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Comisión polo trámite de urxencia**.

Xustificación da urxencia:

A urxencia ven motivada pola necesidade de que o Goberno Galego explique canto antes a súa posición sobre un tema de grande interese na nosa Comunidade Autónoma.

As Reservas da Biosfera son territorios cuxo obxectivo é harmonizar a conservación da diversidade biolóxica e cultural e o desenvolvemento económico e social a través da relación das persoas coa natureza.

En Galicia existen seis territorios declarados como Reserva da Biosfera: Terras do Miño, Área de Allariz, Os Ancares Lucenses e Montes de Navia, Cervantes e Becerreá, Río Eo, Oscos e Terras de Burón, Transfronteiriza Gêres-Xurés, Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo.

Actualmente a Xunta de Galicia está a tramitar o proxecto de Decreto polo que se crea a Rede de Reservas da Biosfera de Galicia. Tras o acordo de inicio da tramitación adoptado polo Consello da Xunta de Galicia o día 8 de setembro de 2016 e logo de ser aprobado inicialmente pola Conselleira de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, o proxecto se atopa publicado no portal de transparencia da Xunta de Galicia, no apartado de normativa en tramitación, ao abeiro do establecido na Lei de Transparencia e bo Goberno.

Polo exposto, os deputados asinantes formulan as seguintes preguntas en Comisión:

- 1- Cal é a finalidade da creación dunha Rede de Reservas da Biosfera de Galicia?
- 2- Que reservas da biosfera se verán incluídas dentro desa Rede?
- 3- Cal é o trámite que resta para a aprobación do decreto regulador da Rede de Reservas da Biosfera de Galicia?

Santiago de Compostela 7 de novembro de 2016

Asinado dixitalmente por:

Jaime Castiñeira Broz na data 07/11/2016 16:42:08

Daniel Luis Varela Suanzes-Carpegna na data 07/11/2016 16:42:17

Martín Fernández Prado na data 07/11/2016 16:42:26

Marta Novoa Iglesias na data 07/11/2016 16:42:35

Álvaro Pérez López na data 07/11/2016 16:42:43

Á Mesa do Parlamento

Jaime Castiñeira Broz, Daniel Varela Suanzes-Carpegna, Martín Fernández Prado, Marta Nóvoa Iglesias e Álvaro Pérez López, deputados e deputada do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto nos artigos 98, 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Comisión polo trámite de urxencia**.

Xustificación da urxencia:

A urxencia ven motivada pola necesidade de que o Goberno Galego explique canto antes a súa posición sobre un tema de grande interese na nosa Comunidade Autónoma.

A Xunta de Galicia vén de elaborar e aprobar o Catálogo das Paisaxes de Galicia, o primeiro dos instrumentos de protección, xestión e ordenación da paisaxe establecido na Lei 7/2008 de protección da paisaxe de Galicia.

O Catálogo é un documento de carácter técnico que aborda a primeira etapa do proceso de planificación da paisaxe, consistente na súa análise e diagnose, incluíndo: a identificación dos tipos de paisaxe, a delimitación das unidades de paisaxe e das áreas de especial interese paisaxístico, o inventario dos valores paisaxísticos presentes en cada área e a análise das causas e do estado actual dos tipos de paisaxe.

O Catálogo servirá de base para a posterior elaboración das Directrices de Paisaxe, que establecerán as determinacións precisas para acadar os obxectivos de calidade paisaxística nas unidades de paisaxe delimitadas no Catálogo.

Polo exposto, os deputados asinantes formulan a seguinte pregunta en Comisión:

Cal é a situación actual e que avances ten previsto efectuar a Xunta de Galicia de cara a aprobación das Directrices de Paisaxe?

Santiago de Compostela 7 de novembro de 2016

Asinado dixitalmente por:

Jaime Castiñeira Broz na data 07/11/2016 16:44:14

Daniel Luis Varela Suanzes-Carpegna na data 07/11/2016 16:44:21

Martín Fernández Prado na data 07/11/2016 16:44:29

Marta Novoa Iglesias na data 07/11/2016 16:44:37

Álvaro Pérez López na data 07/11/2016 16:44:43

Á Mesa do Parlamento

Jaime Castiñeira Broz, Daniel Varela Suanzes-Carpegna, Martín Fernández Prado, Marta Nóvoa Iglesias e Álvaro Pérez López, deputados e deputada do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto nos artigos 98, 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Comisión polo trámite de urxencia**.

Xustificación da urxencia:

A urxencia ven motivada pola necesidade de que o Goberno Galego explique canto antes a súa posición sobre un tema de grande interese na nosa Comunidade Autónoma.

A Xunta de Galicia asinou en xuño un convenio co Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia para a elaboración dunha “Guía de cor e materiais” coa que se pretende dotar á Comunidade dunhas directrices técnicas, científicas e obxectivas para o emprego da cor e os materiais nos revestimentos arquitectónicos.

Os seis equipos de arquitectos que están traballando na elaboración da guía, conformados por case 40 profesionais, entregaron xa dous avances que inclúen o resultado do traballo de campo, que implicou a compilación de datos (fotografías, coordenadas, mostras de cor,...) e a elaboración dunha ficha para cada unha das preto de 3.800 edificacións analizadas, e un borrador de proposta.

Polo exposto, os deputados asinantes formulan a seguinte pregunta en Comisión:

Cales serán os seguintes pasos na elaboración e aplicación da Guía de cor e materiais?

Santiago de Compostela 7 de novembro de 2016

Asinado dixitalmente por:

Jaime Castiñeira Broz na data 07/11/2016 16:47:03

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com



**GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA**



**PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/11/2016 16:50
Nº Rexistro: 861
Data envío: 07/11/2016 16:50:40.668**

Daniel Luis Varela Suanzes-Carpegna na data 07/11/2016 16:47:12

Martín Fernández Prado na data 07/11/2016 16:47:19

Marta Novoa Iglesias na data 07/11/2016 16:47:25

Álvaro Pérez López na data 07/11/2016 16:47:33

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

Á Mesa do Parlamento

María Sol Díaz Mouteira, Cesar Fernández Gil, Ignacio López-Chaves Castro, Paula Prado del Río, Antonio Rodríguez Miranda e Miguel Tellado Filgueira, deputadas e deputados do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto nos artigos 152, 98 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **Pregunta Oral Urxente en Comisión**.

Xustificación da urxencia:

A urxencia ven motivada pola necesidade de que o Goberno Galego explique canto antes a súa posición sobre un tema de grande interese na nosa Comunidade Autónoma.

Exposición de motivos:

O artigo 12 da Lei 5/2007 de emerxencias de Galicia establece que desde o goberno autonómico promoveranse as fórmulas de cooperación transrexional e transfronteiriza que resulten precisas para a prevención dos riscos e a xestión das emerxencias comúns nestes ámbitos.

A resposta inmediata ás emerxencias é o punto crítico de todo sistema de protección civil, especialmente cando se trata de emerxencias en áreas transrexionais ou transfronteirizas que requiren de mecanismos de coordinación entre os medios de diferentes rexións ou países.

Por iso é necesario desenvolver mecanismos de coordinación entre os diferentes centros de atención a emerxencias e os servizos de intervención e asistencia de cada zona, co fin de que poidan estruturarse racionalmente protocolos de actuación e dar unha resposta rápida, coordinada e eficiente ante unha emerxencia, seguindo deste xeito as referencias que a propia lei 17/2015 do 9 de xullo, do Sistema Nacional de Protección Civil fai a colaboración interadministrativa.

Os riscos non entenden de fronteiras e existe unha especial incidencia dos incendios forestais, inundacións, afogamentos e accidentes ferroviarios e nas estradas nas áreas próximas a Portugal e Castela León.

Polo exposto, os deputados e deputadas asinantes formulan a seguinte Pregunta Oral urxente en Comisión:

“Que medidas de colaboración e coordinación en materia de protección civil e emerxencias existen entre o goberno galego e a administración do Estado, o Principado de Asturias, Castela e León e Portugal?”

Santiago de Compostela 08 de novembro de 2016.

Asinado dixitalmente por:

María Sol Díaz Mouteiro na data 08/11/2016 11:16:26

César Manuel Fernández Gil na data 08/11/2016 11:16:54

Ignacio Javier López-Chaves Castro na data 08/11/2016 11:16:59

Paula Prado Del Río na data 08/11/2016 11:17:17

Antonio Rodríguez Miranda na data 08/11/2016 11:17:36

Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 08/11/2016 11:17:49

Á Mesa do Parlamento

María Sol Díaz Mouteira, Cesar Fernández Gil, Ignacio López-Chaves Castro, Paula Prado del Río, Antonio Rodríguez Miranda e Miguel Tellado Filgueira, deputadas e deputados do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto nos artigos 152, 98 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **Pregunta Oral Urxente en Comisión**.

Xustificación da urxencia:

A urxencia ven motivada pola necesidade de que o Goberno Galego explique canto antes a súa posición sobre un tema de grande interese na nosa Comunidade Autónoma.

Exposición de motivos:

A Lei 3/2003, do 19 de xuño, de cooperación galega para o desenvolvemento establece que a cooperación galega para o desenvolvemento se articulará a través de plans directores cuadrienais e de plans anuais.

Trala aprobación do Proxecto do III Plan Director da Cooperación Galega 2014-2017 polo Consello Galego de Cooperación e polo Consello da Xunta de Galicia, dito Plan, que sinala os obxectivos e prioridades de actuación da cooperación galega para os vindeiros catro anos foi aprobado pola Comisión 1ª do Parlamento o 18 de marzo de 2014.

Por outra banda, o Consello da Xunta de Galicia aprobou o pasado 21 de xaneiro de 2016 o Plan Anual 2016 da Cooperación Galega para o Desenvolvemento, no que se recolle a programación do conxunto de actuacións que serán desenvolvidas ao longo do ano 2016.

Polo exposto, os deputados e deputadas asinantes formulan a seguinte Pregunta Oral urxente en Comisión:

“Como se está a executar o Plan Anual de Cooperación Galega 2016?”

Santiago de Compostela 08 de novembro de 2016.

Asinado dixitalmente por:

María Sol Díaz Mouteiro na data 08/11/2016 11:18:25

César Manuel Fernández Gil na data 08/11/2016 11:18:44

Ignacio Javier López-Chaves Castro na data 08/11/2016 11:18:49

Paula Prado Del Río na data 08/11/2016 11:19:08

Antonio Rodríguez Miranda na data 08/11/2016 11:19:27

Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 08/11/2016 11:19:38

Á Mesa do Parlamento

Aurelio Núñez Centeno, Miguel Tellado Filgueira, Marta Rodríguez Arias, Encarnación Amigo Díaz e Marta Rodríguez-Vispo Rodríguez, deputados e deputadas do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto nos artigos 152, 98 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **Pregunta Oral Urxente en Comisión**.

Xustificación da urxencia:

A urxencia ven motivada pola necesidade de que o Goberno Galego explique canto antes a súa posición sobre un tema de grande interese na nosa Comunidade Autónoma.

Exposición de motivos:

Educar é proporcionar unha formación integral que lles permita a nenos e nenas, mozos e mozas unha formación plena e que axude a configurar a súa identidade, así como construír unha concepción da realidade que integre á súa vez o coñecemento e a súa valoración ética e moral. Coeducar implica educar sen diferenciar as mensaxes en función do sexo.

A coeducación é un estilo educativo, un proceso de transformación social que apunta a unha convivencia entre os sexos afastada da opresión mutua e tendente a unha relación de xustiza e respecto e en interese dunha formación integral e unha efectiva igualdade de oportunidades entre homes e mulleres.

A educación debe levarse a cabo dende unha perspectiva integral e de xénero, que contribúa a previr todo tipo de situacións de violencia, e en particular a de xénero. Nos últimos anos observouse un aumento das condutas discriminatorias e dos estereotipos sexistas entre o alumnado dos centros educativos que inflúen no desenvolvemento da súa identidade e en como se manifesta na convivencia escolar, o que orixina un aumento dos conflitos e a resolución non pacífica destes conflitos entre os rapaces e as rapazas.



**GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/11/2016 11:36
Nº Rexistro: 899
Data envío: 08/11/2016 11:36:52.140

Co obxectivo de inverter esta tendencia a coeducación preséntase como unha das ferramentas máis útiles e potentes para poder acabar coa desigualdade, e a escola constitúe unha plataforma excelente para a superación dos prexuízos sexistas e para acadar un cambio en profundidade das estruturas e das prácticas sociais non desexables.

Polo exposto, os deputados e deputadas asinantes formulan a seguinte Pregunta Oral urxente en Comisión:

“Qué actuacións ten previsto poñer en marcha a Xunta de Galicia no ámbito educativo co fin de dar resposta á necesidade dunha educación en igualdade e libre de violencia de xénero?”

Santiago de Compostela 08 de novembro de 2016.

Asinado dixitalmente por:

Aurelio Alfonso Núñez Centeno na data 08/11/2016 11:29:18

Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 08/11/2016 11:29:33

Marta Rodríguez Arias na data 08/11/2016 11:29:43

María Encarnación Amigo Díaz na data 08/11/2016 11:30:02

Marta María Rodríguez-Vispo Rodríguez na data 08/11/2016 11:30:22

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

Á Mesa do Parlamento

Aurelio Núñez Centeno, Miguel Tellado Filgueira, Marta Rodríguez Arias, Encarnación Amigo Díaz e Marta Rodríguez-Vispo Rodríguez, deputados e deputadas do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto nos artigos 152, 98 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **Pregunta Oral Urxente en Comisión**.

Xustificación da urxencia:

A urxencia ven motivada pola necesidade de que o Goberno Galego explique canto antes a súa posición sobre un tema de grande interese na nosa Comunidade Autónoma.

Exposición de motivos:

No artigo 7 da Lei 2/2014, do 14 de abril, pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gais, transexuais, bisexuais e intersexuais establécese que “os poderes públicos de Galicia establecerán un diálogo fluído e colaborarán coas asociacións, organizacións e colectivos LGTBI que teñan un interese lexítimo na loita contra a discriminación por razón de orientación sexual ou identidade de xénero”

Así mesmo, o artigo 17 da dita Lei 2/2014, recolle que “os órganos competentes da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de familia e igualdade, así como os gobernos locais da Comunidade Autónoma de Galicia, poderán establecer programas de información dirixidos ás familias co obxecto de divulgar as distintas realidades afectivo-sexuais e de xénero e os distintos modelos familiares e de combater a discriminación por razón de orientación sexual e de identidade de xénero no ámbito familiar” e que “en particular, incidirase na información e promoción da igualdade de trato daquelas persoas LGTBI máis vulnerables por razón de idade (as e os adolescentes, mozos e mozas e terceira idade) e xénero (mulleres), para os efectos de garantir o pleno gozo dos seus dereitos e o libre desenvolvemento da súa personalidade no ámbito familiar”.

Polo exposto, os deputados e deputadas asinantes formulan a seguinte Pregunta Oral urxente en Comisión:

“Que medidas ten previsto poñer en marcha a Xunta de Galicia en materia de sensibilización social sobre a liberdade de orientación sexual das persoas?”

Santiago de Compostela 08 de novembro de 2016.

Asinado dixitalmente por:

Aurelio Alfonso Núñez Centeno na data 08/11/2016 11:26:48

Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 08/11/2016 11:26:57

Marta Rodríguez Arias na data 08/11/2016 11:27:15

María Encarnación Amigo Díaz na data 08/11/2016 11:28:06

Marta María Rodríguez-Vispo Rodríguez na data 08/11/2016 11:28:21

Á Mesa do Parlamento

María Sol Díaz Mouteira, Cesar Fernández Gil, Ignacio López-Chaves Castro, Paula Prado del Río, Antonio Rodríguez Miranda e Miguel Tellado Filgueira, deputadas e deputados do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto nos artigos 152, 98 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **Pregunta Oral Urxente en Comisión.**

Xustificación da urxencia:

A urxencia ven motivada pola necesidade de que o Goberno Galego explique canto antes a súa posición sobre un tema de grande interese na nosa Comunidade Autónoma.

Exposición de motivos:

No DOG núm. 120, do 27 de xuño, publicouse a Orde do 14 de xuño de 2016 a convocatoria de subvencións, en réxime de concorrencia non competitiva, dentro do Plan Específico extraordinario de investimentos destinado a asociacións de veciños, confederacións, federacións ou unións de asociacións de veciños de Galicia, comunidades de usuarios de augas e asociacións de mulleres rurais de Galicia.

A importancia deste medio de participación cidadá fai necesario o recoñecemento e apoio ao labor que desempeña na vida cotiá dos nosos concellos, en distintos ámbitos de interese local tales como a mocidade, cultura, medio ambiente ou promoción do deporte, entre outros.

Cómpre, polo tanto, que dende o Goberno de Galicia se colabore na dinamización e impulso do asociacionismo local como eixe fundamental do dereito de participación, recoñecido polo artigo 23 da Constitución, e como colaboradores necesarios da Administración Local no exercicio das súas competencias.

Polo exposto, os deputados e deputadas asinantes formulan a seguinte Pregunta Oral urxente en Comisión:

- 1- Cal foi a acollida da Orde do 14 de xuño de 2016 do plan específico extraordinario de investimentos destinado a asociacións de veciños de Galicia?

2- Cal foi o número de beneficiarios e que tipo de actuacións recibiron axuda a través desta orde?

Santiago de Compostela 08 de novembro de 2016.

Asinado dixitalmente por:

María Sol Díaz Mouteiro na data 08/11/2016 11:20:05

César Manuel Fernández Gil na data 08/11/2016 11:20:21

Ignacio Javier López-Chaves Castro na data 08/11/2016 11:20:34

Paula Prado Del Río na data 08/11/2016 11:20:51

Antonio Rodríguez Miranda na data 08/11/2016 11:21:29

Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 08/11/2016 11:21:46



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Olalla Rodil Fernández, Ana Belén Pontón Mondelo, Xosé Luís Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores, Noa Presas Bergantiños e Xosé Luís Bará Torres, deputados e deputadas do Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, formulan a seguinte Pregunta para a súa resposta oral en Comisión.

A Plataforma Galega polo Dereito ao Aborto de A Coruña con data de 20 de xullo do ano 2015, entregou no rexistro do Complexo Universitario da Coruña un escrito dirixido ao Xerente do complexo e ás directoras médica e de enfermaría, no que describía:

- Como debería de ser a atención ás mulleres que teñen un aborto no 2º trimestre da xestación, segundo os protocolos internacionais (Conferencia Internacional sobre Poboación e Desenvolvemento, O Cairo 1994 e a súa revisión posterior en Nova York 1999).
- Como non se estaban a cumprir os mínimos que marcan os protocolos, polo que instaba ás autoridades responsábeis a que tomasen as medidas oportunas para garantir unha atención integral e de calidade na atención ás mulleres que precisaban un aborto no 2º trimestre do seu embarazo.

Sen obter resposta algunha por parte da administración, denunciaron ante os medios de comunicación esta situación organizando varias mobilizacións, unha delas diante do Rexistro do CHUAC, onde rexistraron centos de escritos instando ás autoridades sanitarias a adoptar un protocolo que garanta a atención especializada ás mulleres.



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545

Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.es

15702 Santiago de Compostela

Galiza

Nos días posteriores á mobilización, foron moitas as testemuñas de mulleres que denunciaron violencia obstétrica non só na área sanitaria da Coruña, senón en outros puntos do país. Moitas delas aseguraron ter expulsado o feto no baño da propia habitación hospitalaria soas, sen acompañamento de ningún profesional sanitario. Outras, denunciaron como o sistema sanitario galego denegaba a interrupción no país, derivando a unha clínica privadas doutro territorio do Estado.

Un deses casos sucedeu na Mariña. Esta muller denunciou ao SERGAS no Xulgado, tras quedar sen útero após terlle sido practicado un aborto euxenésico nunha clínica privada madrileña coa que a Xunta de Galiza mantén un convenio para desenvolver interrupcións do embarazo.

Na sentenza ditada polo Xulgado nº2 de Lugo sinálase “a negligencia médica” coa que se actuou “en todas partes” e ao longo de todo o proceso, desde o atraso á hora de autorizar o aborto (na semana 22) até a derivación da muller a Madrid. Ademais, o maxistrado considera na súa decisión que a “neglixencia denunciada pasa os estándares do tolerábel, do irreprochábel” por mor da “lentitude, falta de reflexos, ignorancia, inoperancia, ineficacia temeraria e falta de sensibilidade” coa que actuou o persoal médico que a atendeu no Hospital da Costa (Burela). O SERGAS foi condenado a pagar 270.000 €.

Este caso pon en evidencia as precarias condicións nas que se levan a cabo os abortos a partir do segundo trimestre de xestación na Galiza pondo en risco a saúde das mulleres que se someten a eles, como reflicte a propia sentenza xudicial, e reaviva de novo o debate arredor do dereito ao aborto coas debidas garantías na rede sanitaria pública galega.

Por todo o dito formulamos as seguintes preguntas para a súa resposta oral en



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

comisión:

1. Que protocolo segue actualmente o SERGAS perante unha interrupción voluntaria do embarazo? Cal no caso dun aborto euxenésico durante o segundo trimestre de xestación?

2. Pensa o SERGAS recorrer a sentenza xudicial que o condena por negligencia no caso denunciado por unha muller que perdeu o útero despois dun aborto nunha clínica privada madrileña á que foi derivada na semana 22 de xestación?

3. Abriu unha investigación interna para coñecer que pasos se deron neste proceso? E nos casos denunciados en A Coruña e Ferrol?

4. Cantos e cantas profesionais se declaran obxectoras de conciencia actualmente no SERGAS? Cantas, pola contra, practican interrupcións do embarazo de acordo coa lexislación?

Santiago de Compostela, 2 de novembro de 2016

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

Xosé Luís Rivas Cruz

Montserrat Prado Cores

Noa Presas Bergantiños

Xosé Luís Bará Torres

Ana Belén Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 02/11/2016 10:23:45

Xose Luis Rivas Cruz na data 02/11/2016 10:24:36

María Montserrat Prado Cores na data 02/11/2016 10:24:42

Noa Presas Bergantiños na data 02/11/2016 10:24:44

Xosé Luis Bará Torres na data 02/11/2016 10:24:48

Ana Pontón Mondelo na data 02/11/2016 10:24:52



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Montserrat Prado Cores, Xosé Luís Rivas Cruz, Ana Belén Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Noa Presas Bergantiños e Xosé Luís Bará Torres, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, formulan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 8ª**, relativa á decisión inxusta do Goberno español de minorar os coeficientes redutores da idade de xubilación.

O Real Decreto 1311/2007, de 5 outubro establecía novos criterios para determinar a pensión de xubilación do Réxime Especial da Seguridade Social dos Traballadores do Mar, dun modelo instaurado nos anos 70 para a Mariña Mercante que se baseaba en aplicar un coeficiente redutor na idade de xubilación en función da zona que navegase o barco. Zonas que viñan reguladas a través dunha Ordenanza de Traballo da Mariña Mercante do 20 de maio de 1969.

Este vello modelo, completamente desfasado, tivo que ir modificándose para actualizar os coeficientes redutores aplicábeis á pesca, incluíndose novas actividades que estaban excluídas como o marisqueiro, os percebeiros, bateiros, etc. Este criterio caduco foi substituído por un novo baseado no tipo de buque, sen chegar aínda ao fondo da cuestión: o dereito a reducir a idade mínima de xubilación naquelas actividades profesionais de natureza penosa, tóxica, perigosa e insalubre nas que se acusen elevados índices de morbilidade ou sinistralidade, así como aquelas que impliquen unha continua separación familiar e alonxamento do fogar.

Aínda así, con esta nova normativa até finais do 2015, a frota galega que faena en augas internacionais (cefalopodeiros, palangreiros, arrastreiros, etc) estaban considerados



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

“conxeladores” polo que se lles aplicaba o coeficiente máximo de 0,40. Isto é, que con 25 anos enrolado un tripulante tería dereito a se xubilarse aos 55 anos.

O pasado ano, o Goberno español (Dirección da Mariña Mercante, dependente do Ministerio de Fomento), a través dunha orde interna, modificou a aplicación destes coeficientes, de xeito que agora unicamente considera buques “conxeladores” aquelas embarcacións que teñan unha eslora de máis de 70 m e capacidade superior ás 1.000 TRB. O resto, dadas as súas menores dimensións, pasan a ser considerados buques “fresqueiros” sen teren en conta nin a actividade, nin a zona de pesca, nin as condicións de vida a bordo, aplicándoseles unha rebaixa no coeficiente de 0,40 ao 0,25-0,35, o que evidencia unha absoluta miopía por parte deste departamento de “secano”, pois a nosa frota faena no Índico, Pacífico, Atlántico Sul, Atlántico Norte e Ártico.

Esta medida afecta basicamente á Galiza, primeira potencia pesqueira do Estado, e cun tipo de frota que é, “curiosamente”, a que resulta penalizada. Con esta medida vense afectados os traballadores da frota palangreira, a frota cefalopodeira e o resto da frota arrastreira que non alcance as novas condicións establecidas por Madrid con independencia de que pesque nas Malvinas, en NAFO ou en calquera outro mar do mundo. Prexudícase así a milleiros de mariñeiros galegos que verían aumentada a súa vida laboral e sufrirían unha grave discriminación a respecto daqueles buques que cumpran as condicións de tamaño: atuneiros e algúns arrastreiros de fondo, que verán como desenvolvendo a mesma actividade, no mesmo caladoiro e en peores condicións de habitabilidade, verán diminuídos os seus dereitos de xubilación polo tamaño do barco. Esta decisión do Goberno español resulta inasumíbel e surrealista para os tempos que corren.

Por todo o exposto formulamos as seguintes preguntas para a súa resposta oral na



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Comisión 8ª:

-Que opinión lle parece esta actuación de modificar os coeficientes redutores, mediante unha circular interna, sin información nin comunicación algunha ao sector afectado?

-Dado que a inmensa maioría dos mariñeiros afectados son galegos, tense dirixido o Goberno español á Xunta de Galiza para informarlle desta modificación?

-Ten realizado o Goberno galego algunha actuación diante da decisión do Goberno español de modificar os coeficientes redutores na idade de xubilación dos mariñeiros que faenan en augas internacionais?

-De ser positiva a resposta, en que data se produciu, e en que ten consistido?

-Vai facer algo para defender os dereitos dos mariñeiros galegos afectados por esta medida?

Santiago de Compostela, 2 de novembro de 2016

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Xosé Luís Rivas Cruz

Ana Belén Pontón Mondelo

Olalla Rodil Fernández

Noa Presas Bergantiños

Xosé Luís Bará Torres

Deputadas e deputados do G.P. do BNG



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 02/11/2016 10:52:59

Xose Luis Rivas Cruz na data 02/11/2016 10:53:04

Ana Pontón Mondelo na data 02/11/2016 10:53:08

Olalla Rodil Fernández na data 02/11/2016 10:53:10

Noa Presas Bergantiños na data 02/11/2016 10:53:16

Xosé Luis Bará Torres na data 02/11/2016 10:53:20



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, Xosé Luís Rivas Cruz, Ana Belén Pontón Mondelo, Montserrat Prado Cores, Olalla Rodil Fernández e Xosé Luís Bará Torres, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 6ª**, relativa ao mantemento dos postos de traballo e actividades produtivas e dos postos de traballo evitando a segregación das actividades de produción de enerxía eléctrica e ferroaleacións.

A principios do mes de outubro fixéronse públicas as novas relativas á existencia contactos empresariais para a venda das centrais hidroeléctricas de Ferroatlántica. O cambio da titularidade das hidroeléctricas podería supoñer o primeiro paso para a segregación das actividades de produción de enerxía eléctrica e ferroaleacións.

Estas novas están a producir grande preocupación entre o cadro de traballadores e traballadoras. Segundo o Comité de Empresa de Ferroatlántica Cee-Dumbría Centrais Hidroeléctricas, máis de 250 persoas participaron o 21 de outubro na concentración convocada diante da fábrica de Brens (Cee) para solicitar información clara sobre os plans para as centrais por parte da empresa e, tamén, para demandar un posicionamento por parte da Xunta de Galiza. Previamente a esta manifestación, na reunión do Comité coas centrais sindicais, acordaron trasladar de novo a Alberto Núñez Feijoo a petición de reunión remitida o día 10 de outubro, de cara a ser recibidos con urxencia, en concreto antes do 27, xa que nesta data hai convocada unha reunión en Madrid coa empresa. O comité esixe ao presidente da Xunta a ratificación dos compromisos e o respecto á legalidade vixente, concretando a imposibilidade de segregar as actividades.



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Ante esta situación, resulta incomprensíbel a pasividade que está a manter a Xunta ante as informacións que avanza unha posible especulación con operacións de compra-venta das concesións que mesmo podería ser un paso previo á segregación de Ferroatlántica poñendo en xogo o futuro de máis de 300 empregos directos e preciso actuar con decisión.

Desde o BNG compartimos a preocupación dos e das traballadoras, xa que está en risco a viabilidade e futuro do emprego. Cómpre recordar que dende o punto de vista legal a segregación das minicentrais da actividade industrial de Ferroatlántica non é posíbel, son unha unidade indivisíbel e ademais non é admisíbel que se estea a especular con concesións públicas de recursos naturais que son de todas e todos.

O Parlamento aprobou por unanimidade unha iniciativa do BNG que recolle a imposibilidade da segregación, -como por outro lado ditaminou tamén o Tribunal Superior de Xustiza de Galiza (TSXG)-, entre actividade industrial e explotación eléctrica. Do mesmo xeito, o pasado 30 de Marzo a Deputación da Coruña aprobou unha declaración institucional sobre Ferroatlántica, cun contido que consideramos necesario que ratifique e asuma o Parlamento de Galiza, que debe ademais, ir máis alá.

Polo dito, formúlanse as seguintes preguntas para a súa resposta oral na Comisión 6ª:

- Coñece a Xunta de Galiza a existencia de contactos empresariais para a venta das centrais hidroeléctricas de Ferroatlántica?

- Ten impulsado ou vai a impulsar accións a Xunta de Galiza tendentes a evitar a segregación das actividades de produción de enerxía eléctrica e ferroaleacións por parte de Ferroatlántica?



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Ten impulsado ou vai a impulsar accións a Xunta de Galiza tendentes a esixir a Ferroatlántica o mantemento da actividade produtiva e dos postos de traballo na factoría de Cee?

- Ten impulsado ou vai a impulsar accións a Xunta de Galiza dirixidas a solicitar que os postos de traballo que se derivan da xestión, administración, contabilidade e explotación da división de Enerxía se realicen no centro de traballo de Cee-Dumbría-Centrales Hidroeléctricas?

Santiago de Compostela, 2 de novembro de 2016

Asdo.: Noa Presas Bergantiños

Xosé Luís Rivas Cruz

Montserrat Prado Cores

Olalla Rodil Fernández

Luís Bará Torres

Ana Belén Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 02/11/2016 12:00:20

Xose Luis Rivas Cruz na data 02/11/2016 12:00:26



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Ana Pontón Mondelo na data 02/11/2016 12:00:31

María Montserrat Prado Cores na data 02/11/2016 12:00:36

Olalla Rodil Fernández na data 02/11/2016 12:00:39

Xosé Luis Bará Torres na data 02/11/2016 12:00:43

Á Mesa do Parlamento

Julio Torrado Quintela, Abel Losada Álvarez e Noela Blanco Rodríguez, deputados e deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Pregunta oral en Comisión 5.^a, Sanidade, Política Social e Emprego**

A Lei 14/1986 General de Sanidad, consolidou un modelo de xestión directa do sistema nacional de saúde, e a conformación e planificación de infraestruturas e servizos na sanidade guiouse por este camiño constituíndose un dos sistemas sanitarios referentes no mundo.

Modificacións posteriores dos gobernos da dereita impulsaron cambios que abriron a porta á entrada da xestión privada na administración e xestións dos centros sanitarios, e tamén para a prestación de servizos sanitarios mediante acordos con entidades privadas.

Os modelos de Contratos de Colaboración Público – Privada e de Concesión de Obra Pública e de Servizos aplicados ao financiamento de infraestruturas sanitarias públicas é un paso máis na inclusión plena do investimento privado no sector sanitario público. Estes modelos, que están sendo aplicados na realidade actual, xeran un maior custo ao propio sistema público que ten que investir a longo prazo un volume de cartos maior, contribúen a xerar unha débeda pública real que grava a xeracións futuras e diminúen a calidade asistencial, como así teñen referido diferentes informes da Organización Mundial da Saúde.

O caso do Hospital Álvaro Cunqueiro de Vigo é paradigmático deste caso, e constitúe o maior exemplo da aplicación destes modelos en Galicia. Este hospital terá un custo para as arcas públicas de 700 millóns de euros a partir de 2017, que implicarán ausencias de

 Grupo Parlamentario

investimentos noutras áreas de relevancia para a sanidade galega, mentres que a súa xestión está en discusión polos profesionais sanitarios, que constantemente alegan dificultades na dispoñibilidade de material.

Por todo o anteriormente exposto, os deputados e deputada asinantes formulan as seguintes preguntas:

- 1.ª) Considera o Goberno da Xunta de Galicia que é eficaz o modelo de colaboración público – privado para a construción de infraestruturas sanitarias?
- 2.ª) Como valora o Goberno da Xunta de Galicia as queixas e denuncias dos sindicatos e profesionais sanitarios sobre as deficiencias de xestión no Hospital Álvaro Cunqueiro?
- 3.ª) Considera o Goberno de Galicia que a débeda asumida para Galicia coa construción do Hospital Álvaro Cunqueiro é aceptable?

Pazo do Parlamento, 02 de novembro de 2016

Asdo.: Julio Torrado Quintela
Abel Losada Álvarez
Noela Blanco Rodríguez
Deputados e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 02/11/2016 11:47:24

Abel Fermín Losada Álvarez na data 02/11/2016 11:47:31



 **Grupo Parlamentario**

Noela Blanco Rodríguez na data 02/11/2016 11:47:36

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Á Mesa do Parlamento

Julio Torrado Quintela e Noela Blanco Rodríguez, deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esta Mesa a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Comisión 5.^a, Sanidade, Política Social e Emprego**.

A Atención Primaria supón un elemento fundamental no sistema asistencial por ser o primeiro contacto do paciente co propio sistema. Desta maneira, as accións levadas a cabo neste punto da rede de atención determinarán moitas das situacións existentes posteriormente en todo o tratamento dos pacientes, así como na estrutura xeral de funcionamento do sistema.

Os médicos de Atención Primaria apuntan que un elevado número de casos que tratan nas consultas son de enfermidades crónicas que poderían ser tratadas con medicamentos innovadores. Non entanto, a maior parte dos médicos de Atención Primaria sinalan as dificultades para poder receitar este tipo de fármacos. Un recente estudio presentado no Congreso da Sociedade Española de Médicos de Atención Primaria (SEMERGEN), e que refrendan outros colectivos como o SEFAC, indica que ao redor dun 80 % dos casos que chegan a consulta teñen que ver con enfermidades crónicas, que poderían tratarse na meirande parte dos casos con fármacos innovadores. A pesares disto, o estudo sinala que aproximadamente un 70 % dos profesionais teñen dificultades para prescribir tratamentos innovadores, e ata un 90 % destes medicamentos non poden ser receitados por eles. A resolución habitual destes casos pasa por derivar aos pacientes a un especialista, que si pode facer esta prescrición farmacolóxica.

Tal e como veñen sinalando os colectivos médicos de Atención Primaria dende hai tempo, a derivación directa cara ós servizos de Atención Especializada conduce a algúns problemas asociados. En primeiro lugar, a saturación do propio servizo e aumento de listas de espera que repercuten en todos os demais pacientes. É preciso ter en conta, tamén, as dificultades dos pacientes para desprazarse aos servizos de Atención Especializada, moitas veces noutras localidades.

 Grupo Parlamentario

Por todo o anteriormente exposto, o deputado e deputada que asinan formulan as seguintes preguntas:

1.ª) Que valoración fai o Goberno da Xunta de Galicia do citado estudio de investigación?

2.ª) Qué tratamentos, dos referidos como innovadores, están limitados para ser prescritos por médicos de Atención Primaria? Cal é a causa de que así sexa?

3.ª) Que valoración fai o Goberno da Xunta de Galicia do feito de que, tal e como sinalan os colectivos profesionais, os médicos de Atención Primaria non poidan receitar a maioría dos medicamentos innovadores para casos que supoñen unha meirande parte do seu traballo?

4.ª) Ten previsto o Goberno da Xunta de Galicia intervir na regulación actual sobre as limitacións que os médicos de Atención Primaria teñen no exercicio da súa labor respecto da prescrición farmacéutica?

5.ª) Ten a Xunta de Galicia algunha avaliación sobre o número de pacientes que acoden á Atención Especializada unicamente por causa de recibir a prescrición da medicación?

Pazo do Parlamento, 02 de novembro de 2016.

Asdo.: Julio Torrado Quintela
Noela Blanco Rodríguez
Deputado e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 02/11/2016 11:53:01

Noela Blanco Rodríguez na data 02/11/2016 11:53:08

Á Mesa do Parlamento

Patricia Vilán Lorenzo, Juan Manuel Díaz Villoslada e Begoña Rodríguez Rumbo, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Comisión 1.^a, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior.**

Como consecuencia das derradeiras eleccións municipais, o mapa municipal de Galicia mudou moito. Así as cousas, no centro da provincia de Pontevedra producíronse algúns cambios a resultas da vontade popular e, polo tanto, produciuse unha alternancia que outorgou a Alcaldía a forzas distintas das que a viñan ostentando en anteriores mandatos.

O Goberno da Xunta de Galicia ten reaccionado castigando aos veciños e veciñas desas novas corporacións municipais que “mudaron de cor política” cun escaso nivel de investimento, que contrasta co trato que se está a dispensar a outros concellos da contorna. Nomeadamente e como exemplo, temos ao Concello de Ponte Caldelas en relación aos seus limítrofes, Cotobade, A Lama e Soutomaior.

Este trato desigual supón para a veciñanza un reparto discrecional dos fondos públicos que xestiona o Goberno da Xunta de Galicia (ben procedentes do financiamento estatal, ben procedentes da Unión Europea) e provoca freos e dificultades para os proxectos e actuacións que os concellos pretenden desenvolver para a mellora dos servizos municipais.

Polo exposto, as deputadas e deputado asinantes formulan as seguintes preguntas:

1.^a) Que investimentos ten realizado o Goberno da Xunta de Galicia dende o 13 de xuño de 2015 (data da toma de posesión das novas Corporacións) nos concellos de Ponte Caldelas, Cotobade, A Lama e Soutomaior?

 Grupo Parlamentario

2.ª) Que investimentos ten anunciado publicamente o Goberno galego nestes mesmos Concellos?

3.ª) Que investimentos dos anuncios publicados contan con partidas orzamentarias reservadas?

4.ª) Que compromiso de gasto ten asumido o Goberno ,tanto neste exercicio como nos seguintes?

5.ª) A resultas da suma entre o investimento realizado e o comprometido (a través de anuncios ou notas de prensa, sen que sexa necesario o recoñecemento formal da obriga) cal é gasto por habitante do Goberno da Xunta de Galicia nestes concellos?

Pazo do Parlamento, 02 de novembro de 2016

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo
Juan Manuel Díaz Villoslada
Begoña Rodríguez Rumbo
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Patricia Vilán Lorenzo na data 02/11/2016 12:24:57

Juan Manuel Díaz Villoslada na data 02/11/2016 12:25:03

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 02/11/2016 12:25:10

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Juan Manuel Díaz Villoslada, Patricia Vilán Lorenzo, Noela Blanco Rodríguez e Begoña Rodríguez Rumbo, deputado e deputadas pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 1ª.

O Tribunal de Xustiza da Unión Europea vén de ditar o pasado 14 de setembro deste ano unha sentenza que establece que a indemnización entre contratos indefinidos e temporais non debe de ser diferente solo por este motivo. No asunto *Ana de Diego*, procedente dun preito laboral no ámbito do Ministerio de Defensa, no que o Tribunal Superior de Xustiza de Madrid formulou a correspondente cuestión prexudicial que motivou esta sentenza, o Tribunal europeo establece que os interinos tamén teñen dereito a percibir unha compensación ao rescindir o seu contrato. Esta é a interpretación final do TSX de Madrid, que adoptou o pasado 5 de outubro para resolver a cuestión.

Na vixente normativa laboral española (Estatuto dos traballadores) os contratos indefinidos teñen unha indemnización de 20 días por ano traballado á súa finalización, fronte a 12 dos temporais, sen que os contratos interinos teñan dereito a ningunha indemnización. Neste fallo do Tribunal comunitario, os xuíces defenden que a indemnización por remate de contrato non pode ser diferente unicamente por razón da súa temporalidade, a duración do contrato non é causa obxectiva, polo que a lexislación española contradí a Directiva 1999/70/CE, e as indemnizacións entre indefinidos e interinos deben de equipararse.

Recentemente tamén a Sala do Social do Tribunal Superior de Xustiza do País Vasco ampliou este criterio da xustiza europea aos contratos eventuais, na súa sentenza do 18 de outubro actual, equiparando así o réxime de indemnizacións por fin de contrato entre contratos fixos e contratos eventuais, incluíndo aos traballadores interinos.

Estes recentes pronunciamentos xudiciais afectan esencialmente á normativa laboral básica de competencia estatal e mentres o Goberno do Estado analiza a súa interpretación e posible necesidade de adaptación do Estatuto dos

Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

traballadores á Directiva comunitaria incumprida conforme ao pronunciamento do TXUE, os axentes sociais veñen mostrando a súa preocupación polos efectos destas sentenzas, o que esixe o necesario diálogo social, sen prexuízo da súa necesaria execución nos seus propios termos. Cuestión que, polo demais, afecta tanto ao sector privado como ás administracións públicas.

Lémbrese a primacía da xurisprudencia comunitaria ao resolver cuestións prexudiciais segundo o artigo 234 do Tratado CE.

Non obstante a competencia do Estado para negociar e debater a necesaria adaptación da nosa lexislación laboral, a aplicación desta nova doutrina xurisprudencial en materia de indemnizacións por finalización de contratos laborais ten e vai ter unha importante repercusión laboral e económica no noso sector público autonómico.

Polo exposto, o deputado e as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas:

1ª) Ten valorado o Goberno galego a repercusión cuantitativa e cualitativa destes pronunciamentos xudiciais na súa política de contratación laboral?

2ª) Co obxecto de coñecer o posible impacto deste pronunciamento do Tribunal de Xustiza da Unión Europea, ten o Goberno galego cuantificado o número de contratos laborais indefinidos, eventuais e interinos afectados nos seus diferentes sectores de actividade principal: Administración xeral, Educación, Sanidade e Servizos Sociais?

3ª) Que medidas ten previsto adoptar o Goberno galego para observar a correcta aplicación da sentenza do Tribunal de Xustiza da Unión Europea do 14 de setembro de 2016 na materia indicada?

4ª) Ten iniciado accións ou ten previsto iniciais para abordar esta problemática cos axentes sociais, e concretamente cos sindicatos con representación no sector público da Comunidade Autónoma?



 Grupo Parlamentario

Pazo do Parlamento, 28 de outubro de 2016

Asinado dixitalmente por:

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Juan Manuel Díaz Villoslada na data 02/11/2016 13:51:27

Patricia Vilán Lorenzo na data 02/11/2016 13:51:47

Noela Blanco Rodríguez na data 02/11/2016 13:51:55

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 02/11/2016 13:52:05

Á Mesa do Parlamento

Noela Blanco Rodríguez, Abel Losada Álvarez e Julio Torrado Quintela, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Pregunta oral en Comisión 5.^a, Sanidade, Política Social e Emprego**.

Os retallos emprendidos polo Goberno de Feijoo en materia de Política social chegaron tamén ao benestar e ás necesidades dos menores, levando a cabo políticas que derivaron no abandono ou na privatización de gran parte dos recursos relacionados co sistema de protección, empregando como escusa a crise para reducir custes, e relegando a un segundo plano o fomento de programas de acollida e de formación ás familias acolledoras. As políticas da dereita dificultan pois, o cumprimento dos obxectivos do acollemento: garantir a protección de cada menor e procurar o seu benestar, ofrecéndolle unha atención e educación integral nun marco de convivencia normalizado, potenciando as súas calidades e fomentando a súa autonomía persoal e a súa integración social.

Recentemente coñecíamos, a través dos medios de comunicación, unha denuncia onde se describen supostas situacións de crueldade e violencia verbal e física continuada no centro concertado de acollida de menores, Hogar de San José de las Hermanas de la Caridad de Vigo.

Polo exposto, a deputada e deputados asinantes formulan as seguintes preguntas:

1.^a) Cantas inspeccións realizou a Xunta de Galicia nos derradeiros catro anos no Hogar de San José de las Hermanas de la Caridad de Vigo, e cal foi o resultado das mesmas?

2.^a) Coñecía o Goberno galego a existencia de denuncias de supostos malos tratos neste centro concertado?

 Grupo Parlamentario

3.ª) En caso de ser coñecedora a Administración autonómica das denuncias, abriuse durante a IX lexislatura algunha investigación sobre estes feitos? Cal foi o resultado da mesma?

4.ª) Ante a denuncia coñecida recentemente, púxose o Goberno galego en contacto coa Fiscalía de Menores?

5.ª) Realizou a Xunta de Galicia recentemente unha investigación sobre as denuncias de malos tratos no Hogar de San José de las Hermanas de la Caridad de Vigo?

6.ª) De confirmarse a gravidade dos feitos denunciados, tomou o goberno galego algún tipo de medida cautelar para garantir a protección dos menores?

Pazo do Parlamento, 02 de novembro de 2016

Asdo.: Noela Blanco Rodríguez
Abel Losada Álvarez
Patricia Vilán Lorenzo
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Noela Blanco Rodríguez na data 02/11/2016 11:42:26

Abel Fermín Losada Álvarez na data 02/11/2016 11:42:33

Julio Torrado Quintela na data 02/11/2016 13:52:14

Á MESA DO PARLAMENTO

Manuel Lago Peñas, deputado do Grupo Parlamentario de **En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta** para a súa resposta oral en Comisión.

Segundo datos da Enquisa de Poboación Activa, que acaba de publicar o Instituto Nacional de Estatística en Galicia, hai 72.100 fogares nos que viven 158.328 persoas nos que todos os seus membros buscan traballo sen atopalo, isto é, están en paro.

Dentro deste colectivo, que sofre con maior intensidade a crise e a falta de oportunidade de emprego, hai un segmento no que a situación de falta de traballo chega á categoría de drama persoal, familiar e social.

Son os 34.800 fogares nos que non entra ningún ingreso de tipo laboral: nin salariais, porque están en paro; nin rendas por desemprego, porque as esgotaron por ser parados de longa duración; nin pensión, porque non teñen a idade nin os requisitos para acceder a ela.

Neses fogares viven case 50.000 homes e mulleres, nenos e nenas, que se enfrontan á angustia diaria de como sobrevivir coa única axuda das súas familias ou de ONGs, porque non teñen traballo e porque están excluídas dos sistemas de protección.

É un dos rostros máis dramáticos da pobreza no noso país. Ante esta situación absolutamente insoportable na que están 50.000 persoas en Galicia, o Grupo



Parlamentar de En Marea formula as seguintes preguntas para a súa resposta oral en Comisión:

- 1ª) É coñecedora a Xunta de Galicia desta situación, e consciente do drama no que viven estas 50.000 persoas en Galicia?
- 2ª) Vai tomar algunha medida para paliar esta situación de forma inmediata?
- 3ª) Ten pensado avanzar no desenvolvemento da RISGA para ir transformándoa nunha renda social básica que de cobertura a esta situación?

Santiago de Compostela, 2 de novembro de 2016.

Asinado dixitalmente por:

José Manuel Lago Peñas na data 02/11/2016 14:21:42



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545

Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.es

15702 Santiago de Compostela

Galiza

Á Mesa do Parlamento

Olalla Rodil Fernández, Xosé Luís Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores, Noa Presas Bergantiños, Xosé Luís Bará Torres e Ana Belén Pontón Mondelo, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Comisión**, relativa á sentenza do Tribunal de Xustiza da Unión Europea que declara ilegais a sucesión de contratos temporais para cubrir prazas estruturais.

O Tribunal de Xustiza da Unión Europea fixo pública,, a finais do mes de setembro unha sentenza sobre a sucesión de contratos temporais para cubrir prazas estruturais, que determina que esta práctica vulnera a normativa europea. Afirmar a mesma, que a renovación de contratos ou relacións laborais de duración determinada para cubrir necesidades que, de feito, non teñen carácter provisional, senón permanente e estábel, non está xustificada, na medida na que tal utilización de contratos ou relacións laborais de duración determinada oponse directamente á premisa de que os contratos de traballo de duración indefinida constitúen a forma máis común de relación laboral.

A sentenza, condena ao Estado español polo sistema de contratación no ámbito da Administración pública sanitaria, e reconece expresamente a existencia sistemática de abusos e fraudes, e cualifica de “mal endémico” a cobertura de postos no sector dos servizos de saúde mediante nomeamentos de persoal estatutario temporal para cubrir necesidades permanentes e estábeis, a pesares de existir un déficit estrutural de postos de traballo.

Da aplicación desta sentenza pode derivarse o recoñecemento sistemático de



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

interinidades ás persoas con contratos sucesivos, sin que estas sexan as que lle corresponda pola puntuación nas listas de contratación.

Esta sentenza ratifica tanto as denuncias como as petición de rectificación da política de persoal do Sergas, realizadas polo Bloque Nacionalista Galego.

O BNG ten denunciado en múltiples ocasións que a Consellaría de Sanidade leva a cabo dunha política de persoal que precariza e destrúe emprego público. Practica sistematicamente a eliminación de postos de traballo na sanidade pública galega a través da aplicación dunha taxa de reposición que ano tras ano elimina persoal do SERGAS. Unha escasa convocatoria de prazas nas OPE, ao que hai que engadir que tampouco autorizan contratos estábeis de interinidade. Isto conleva que o persoal, para cubrir o mesmo posto, asine múltiples contratos.

Esta política laboral dificulta a prestación do servizo, supón sobrecarga asistencial, precaridade e inestabilidade, impide a consolidación de emprego de todo o persoal e afonda nas privatizacións.

Esta sentenza, pon en entredito a política laboral do SERGAS, é evidente que ten que dar unha solución inmediata a esta situación, na que se garantan os dereitos individuais d@s afectad@s, mais tamén o respecto á orde de nomeamentos pactada, onde se recoñece a premisa de igualdade, mérito e capacidade.

Polas razóns expostas formulamos as seguintes preguntas para a súa resposta oral en comisión:

-Vai elaborar o SERGAS un plano de emprego que normalice a situación do seu persoal acorde coa sentenza do Tribunal de Xustiza da Unión Europea?



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

-Que valoración fai da sentenza do Tribunal de Xustiza da Unión Europea que determina a existencia de abusos e fraudes na cobertura de postos no sector dos servizos de saúde mediante nomeamentos de persoal estatutario temporal para cubrir necesidades permanentes e estábeis?

-Que actuacións vai realizar o SERGAS para garantir que se respecten as listas de contratacións, e que as prazas vacantes sexan ofertadas polos principios de igualdade, mérito e capacidade?

-Vai proceder a identificar as prazas estruturais, actualmente cubertas con nomeamentos temporais, e proceder á súa cobertura mediante nomeamentos por interinidade, seguindo a prelación establecida nas listas de contratación?

Santiago de Compostela, 2 de novembro de 2016

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

Xosé Luís Rivas Cruz

Montserrat Prado Cores

Noa Presas Bergantiños

Xosé Luís Bará Torres

Ana Belén Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Olalla Rodil Fernández na data 02/11/2016 18:14:13

Xose Luis Rivas Cruz na data 02/11/2016 18:14:19

María Montserrat Prado Cores na data 02/11/2016 18:14:22

Noa Presas Bergantiños na data 02/11/2016 18:14:24

Xosé Luis Bará Torres na data 02/11/2016 18:14:28

Ana Pontón Mondelo na data 02/11/2016 18:14:31



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Ten impulsado ou vai a impulsar accións a Xunta de Galiza tendentes a evitar a segregación das actividades de produción de enerxía eléctrica e ferroaleacións por parte de Ferroatlántica?

- Ten impulsado ou vai a impulsar accións a Xunta de Galiza tendentes a esixir a



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Ferroatlántica o mantemento da actividade produtiva e dos postos de traballo na factoría de Cee?

- Ten impulsado ou vai a impulsar accións a Xunta de Galiza dirixidas a solicitar que os postos de traballo que se derivan da xestión, administración, contabilidade e explotación da división de Enerxía se realicen no centro de traballo de Cee-Dumbría-Centrales Hidroeléctricas?

Santiago de Compostela, 2 de novembro de 2016

Asdo.: Noa Presas Bergantiños

Xosé Luís Rivas Cruz

Montserrat Prado Cores

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luís Bará Torres

Ana Belén Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 02/11/2016 12:02:32

Xose Luis Rivas Cruz na data 02/11/2016 12:02:40



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

María Montserrat Prado Cores na data 02/11/2016 12:02:44

Olalla Rodil Fernández na data 02/11/2016 12:02:47

Xosé Luis Bará Torres na data 02/11/2016 12:02:51

Ana Pontón Mondelo na data 02/11/2016 12:02:55

Á Mesa do Parlamento

Noela Blanco Rodríguez, Abel Losada Álvarez e Julio Torrado Quintela, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Pregunta para a súa resposta escrita**.

Os retallos emprendidos polo Goberno de Feijoo en materia de Política social chegaron tamén ao benestar e ás necesidades dos menores, levando a cabo políticas que derivaron no abandono ou na privatización de gran parte dos recursos relacionados co sistema de protección, empregando como escusa a crise para reducir custes, e relegando a un segundo plano o fomento de programas de acollida e de formación ás familias acolledoras. As políticas da dereita dificultan pois, o cumprimento dos obxectivos do acollemento: garantir a protección de cada menor e procurar o seu benestar, ofrecéndolle unha atención e educación integral nun marco de convivencia normalizado, potenciando as súas calidades e fomentando a súa autonomía persoal e a súa integración social.

Recentemente coñecíamos, a través dos medios de comunicación, unha denuncia onde se describen supostas situacións de crueldade e violencia verbal e física continuada no centro concertado de acollida de menores, Hogar de San José de las Hermanas de la Caridad de Vigo.

Polo exposto, a deputada e deputados asinantes formulan as seguintes preguntas:

- 1.^a) Cantas inspeccións realizou a Xunta de Galicia nos derradeiros catro anos no Hogar de San José de las Hermanas de la Caridad de Vigo, e cal foi o resultado das mesmas?
- 2.^a) Coñecía o Goberno galego a existencia de denuncias de supostos malos tratos neste centro concertado?

 Grupo Parlamentario

3.^a) En caso de ser coñecedora a Administración autonómica das denuncias, abriuse durante a IX lexislatura algunha investigación sobre estes feitos? Cal foi o resultado da mesma?

4.^a) Ante a denuncia coñecida recentemente, púxose o Goberno galego en contacto coa Fiscalía de Menores?

5.^a) Realizou a Xunta de Galicia recentemente unha investigación sobre as denuncias de malos tratos no Hogar de San José de las Hermanas de la Caridad de Vigo?

6.^a) De confirmarse a gravidade dos feitos denunciados, tomou o goberno galego algún tipo de medida cautelar para garantir a protección dos menores?

Pazo do Parlamento, 02 de novembro de 2016

Asdo.: Noela Blanco Rodríguez
Abel Losada Álvarez
Patricia Vilán Lorenzo
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Noela Blanco Rodríguez na data 02/11/2016 11:43:36

Abel Fermín Losada Álvarez na data 02/11/2016 11:43:42

Julio Torrado Quintela na data 02/11/2016 13:39:17



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores, Noa Presas Bergantiños, Xosé Luis Bará Torres e Ana Belén Pontón Mondelo, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta escrita**, relativa á concesión de subvencións a empresas do sector da automoción.

O sector de automoción en Galiza é unha actividade de vital importancia na economía galega, tendo unha forte incidencia no noso Produto Interior Bruto. Ten un gran peso específico, principalmente no sur do país. Porén, dende hai anos esta actividade está sendo deslocalizada ao norte de Portugal e a outros países con baixos custes, implicando unha grande perda de postos de traballo, o que afecta gravemente ao noso país.

As entidades públicas, como a Xunta de Galiza e o Goberno Central conceden subvencións con diñeiro público a moitas destas empresas do sector da automoción, sen poñer condicións contundentes e eficaces para parar que se destrúan máis postos de traballo e se evite a deslocalización da actividade produtiva.

Diante disto fórmase a seguinte pregunta para a súa resposta escrita:

Que axudas e subvencións recibiron por parte da Xunta de Galiza as



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

seguintes empresas do sector da automoción que se listan a continuación:

ALUDEC S.A.

ALYMOSA

BENTELER AUTOMOTIVE VIGO S.L.

BORGWARNER EMISSIONS SYSTEMS SPAIN S.L.

CABLERIAS AUTO S.L.

CENTRO TECNOLÓGICO DE AUTOMOCIÓN DE GALICIA -
FUNDACION CETAG

CENTRO TECNOLÓGICO GRUPO COPO S.L.

COMPONENTES DE VEHICULOS

COPO GALICIA SLU

COPO IBERICA S.A.

DENSO SISTEMAS TERMICOS ESPAÑA S.A.

FAURECIA ASIENTOS DE GALICIA S.A.

FAURECIA AUTOMOTIVE ESPAÑA S.A.

FAURECIA INTERIOR SYSTEMS ESPAÑA S.A.

FAURECIA SISTEMAS DE ESCAPE S.A.



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

GESTAMP VIGO S.A.

GKN DRIVELINE VIGO S.A.

GRUPO ANTOLIN PGA S.A.

GRUPO ANTOLIN VIGO S.A.

MAIER FERROPLAST, SOCIEDAD COOPERATIVA GALEGA.

MARSAN TRANSFORMACIONES SUPERFICIALES.

MC SYNCRO

MEGATECH INDUSTRIES OURENSE S.L.

MGI COUTIER ESPAÑA S.L.

PLASTIC OMNIUM AUTO INERGY SPAIN S.A.

PLASTIC OMNIUM COMPONENTES EXTERIORES S.L.

PSA PEUGEOT CITROEN

REYDEL AUTOMOTIVE SPAIN S.L.

SNOP ESTAMPACION S.A.

TB SPAIN INJECTION S.L. (TBSI)

TI GROUP AUTOMOTIVE SYSTEMS S.A.

TREVES GALIZA, SLU



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

VIZA AUTOMOCION SAU

ZF TRW ACTIVE & PASSIVE SAFETY TECHNOLOGY OSS
(OCCUPANT SAFETY SYSTEMS).

Santiago de Compostela, 2 de novembro de 2016

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

Xosé Luís Rivas Cruz

Montserrat Prado Cores

Noa Presas Bergantiños

Xosé Luís Bará Torres

Ana Belén Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 02/11/2016 16:46:30

Xose Luis Rivas Cruz na data 02/11/2016 16:46:36

María Montserrat Prado Cores na data 02/11/2016 16:46:41



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Noa Presas Bergantiños na data 02/11/2016 16:46:44

Xosé Luis Bará Torres na data 02/11/2016 16:46:48

Ana Pontón Mondelo na data 02/11/2016 16:46:53



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545

Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.es

15702 Santiago de Compostela

Galiza

Á Mesa do Parlamento

Olalla Rodil Fernández, Xosé Luís Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores, Noa Presas Bergantiños, Xosé Luís Bará Torres e Ana Belén Pontón Mondelo, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta escrita**, relativa á sentenza do Tribunal de Xustiza da Unión Europea que declara ilegais a sucesión de contratos temporais para cubrir prazas estruturais.

O Tribunal de Xustiza da Unión Europea fixo pública,, a finais do mes de setembro unha sentenza sobre a sucesión de contratos temporais para cubrir prazas estruturais, que determina que esta práctica vulnera a normativa europea. Afirmar a mesma, que a renovación de contratos ou relacións laborais de duración determinada para cubrir necesidades que, de feito, non teñen carácter provisional, senón permanente e estábel, non está xustificada, na medida na que tal utilización de contratos ou relacións laborais de duración determinada opónse directamente á premisa de que os contratos de traballo de duración indefinida constitúen a forma máis común de relación laboral.

A sentenza, condena ao Estado español polo sistema de contratación no ámbito da Administración pública sanitaria, e reconece expresamente a existencia sistemática de abusos e fraudes, e cualifica de “mal endémico” a cobertura de postos no sector dos servizos de saúde mediante nomeamentos de persoal estatutario temporal para cubrir necesidades permanentes e estábeis, a pesares de existir un déficit estrutural de postos de traballo.

Da aplicación desta sentenza pode derivarse o recoñecemento sistemático de



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

interinidades ás persoas con contratos sucesivos, sin que estas sexan as que lle corresponda pola puntuación nas listas de contratación.

Esta sentenza ratifica tanto as denuncias como as petición de rectificación da política de persoal do Sergas, realizadas polo Bloque Nacionalista Galego.

O BNG ten denunciado en múltiples ocasións que a Consellaría de Sanidade leva a cabo dunha política de persoal que precariza e destrúe emprego público. Practica sistematicamente a eliminación de postos de traballo na sanidade pública galega a través da aplicación dunha taxa de reposición que ano tras ano elimina persoal do SERGAS. Unha escasa convocatoria de prazas nas OPE, ao que hai que engadir que tampouco autorizan contratos estábeis de interinidade. Isto conleva que o persoal, para cubrir o mesmo posto, asine múltiples contratos.

Esta política laboral dificulta a prestación do servizo, supón sobrecarga asistencial, precaridade e inestabilidade, impide a consolidación de emprego de todo o persoal e afonda nas privatizacións.

Esta sentenza, pon en entredito a política laboral do SERGAS, é evidente que ten que dar unha solución inmediata a esta situación, na que se garantan os dereitos individuais d@s afectad@s, mais tamén o respecto á orde de nomeamentos pactada, onde se recoñece a premisa de igualdade, mérito e capacidade.

Polas razóns expostas formulamos as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

-Vai elaborar o SERGAS un plano de emprego que normalice a situación do seu persoal acorde coa sentenza do Tribunal de Xustiza da Unión Europea?



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

-Que valoración fai da sentenza do Tribunal de Xustiza da Unión Europea que determina a existencia de abusos e fraudes na cobertura de postos no sector dos servizos de saúde mediante nomeamentos de persoal estatutario temporal para cubrir necesidades permanentes e estábeis?

-Que actuacións vai realizar o SERGAS para garantir que se respecten as listas de contratacións, e que as prazas vacantes sexan ofertadas polos principios de igualdade, mérito e capacidade?

-Vai proceder a identificar as prazas estruturais, actualmente cubertas con nomeamentos temporais, e proceder á súa cobertura mediante nomeamentos por interinidade, seguindo a prelación establecida nas listas de contratación?

Santiago de Compostela, 2 de novembro de 2016

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

Xosé Luís Rivas Cruz

Montserrat Prado Cores

Noa Presas Bergantiños

Xosé Luís Bará Torres

Ana Belén Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Olalla Rodil Fernández na data 02/11/2016 18:15:49

Xose Luis Rivas Cruz na data 02/11/2016 18:15:58

María Montserrat Prado Cores na data 02/11/2016 18:16:03

Noa Presas Bergantiños na data 02/11/2016 18:16:05

Xosé Luis Bará Torres na data 02/11/2016 18:16:10

Ana Pontón Mondelo na data 02/11/2016 18:16:13



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545

Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.es

15702 Santiago de Compostela

Galiza

Á Mesa do Parlamento

Ana Belén Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luís Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores, Noa Presas Bergantiños e Xosé Luís Bará Torres, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta escrita,** relativa a saber que medidas pensa adoptar a Xunta de Galicia para volver a recuperar a extracción do reló nos bancos marisqueiros.

Os rexistros de captura de reló entre os anos 2001 e 2005 demostran que era unha especie importante para o marisqueo en Galicia pola cantidade de quilos extraídos, máis de 1.400.000 quilos pero sobre todo polos ingresos que chegaron alcanzar máis de 2.500.000 euros.

Esta situación mudou cando se constatou que esta especie acumulaba unha grande cantidade de chumbo prohibíndose a súa extracción. Dende entón diversas foron as reclamacións do sector, e de algúns grupos políticos demandando da Xunta de Galicia os estudos pertinentes para poder analizar en profundidade a problemática deste bivalvo e buscar a maneira de poder volver a extraer este molusco dado que supoñía unha perda irreparable para os ingresos de centos de mariscadores e en maior medida a partir do ano 2012 en que tivo lugar os efectos devastadores da Marteilia que acabou cos bancos marisqueiros do berberecho na ría de Arousa, Pontevedra e Vigo.

Neste contexto no ano 2014 e ante a presión do sector a Consellaría do Mar tras as mostraxes realizados trasladaba a opinión pública que nalgúns bancos marisqueiros os índices de acumulación de chumbo non alcanzaba os límites autorizados pola UE en



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

exemplares de tamaño inferior aos 35 milímetros, co cal era procedente autorizar o seu consumo con todas as garantías sanitarias.

Pero as marxes de tamaño e o control e a responsabilidade de seleccionar que individuos eran aptos e cales se desbotaban era tan complexo que o sector considerou que non era viable optando por un acordo entre sector e Consellaría que tiña o seu reflexo na campaña do 2015 onde se publicaba unha resolución que autorizaba a extraer 15 quilos de reloxito para compensar as perdas por mortalidade e redución de topes e resembrar nunhas zonas determinadas pola Consellaría, a cambio abonábanse un total de 25 euros por capazo.

Pero agora resulta que un estudo levado polo grupo Ecotox da Universidade de Vigo no que se avalía o risco que supón o consumo deste bivalvo e os resultados obtidos todo indica que a inxesta deste produto non representa perigo para a saúde o que abre unha porta a posibilidade de recuperar a súa extracción e comercialización.

Estas son as razóns que nos levan a formular as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1.- Como é posible que se sexa o sector, unha vez máis o que tome a iniciativa para buscar unha solución a extracción do reló e non a Consellaría do Mar? Vai comprometer medidas para comprobar que é inocuo para o ser humano?

2.- Que tipo de medidas pensa adoptar antes estes novos e esperanzadores datos? Vamos ter unha solución de cara a vindeira campaña?

3.- Os bancos levan pechados dende o ano 2008 perdendo as/os mariscadoras/es anualmente máis de 2,4 millóns de euros. Non vai asumir responsabilidades?



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

4.- O modelo de coordinación da investigación, das prioridades e sobre todo dos resultados salta polos aires. Dunha vez por todas se van adoptar medidas para que as competencias e os diferentes centros estean centrados na realidade do País? Como pensa enfrontar esta dispersión de recursos e obxectivos?

Santiago de Compostela, 3 de novembro de 2016

Asdo.: **Ana Belén Pontón Mondelo**

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luís Rivas Cruz

Montserrat Prado Cores

Noa Presas Bergantiños

Xosé Luís Bará Torres

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ana Pontón Mondelo na data 03/11/2016 11:02:14

Olalla Rodil Fernández na data 03/11/2016 11:02:21

Xose Luis Rivas Cruz na data 03/11/2016 11:02:26

María Montserrat Prado Cores na data 03/11/2016 11:02:31



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/11/2016 12:17
Nº Rexistro: 630

Data envío: 03/11/2016 12:17:18.840

Noa Presas Bergantiños na data 03/11/2016 11:02:32

Xosé Luis Bará Torres na data 03/11/2016 11:02:36



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Ana Belén Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luís Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores, Noa Presas Bergantiños e Xosé Luís Bará Torres, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta escrita**, relativa a saber as xestións levadas a cabo pola a Xunta de Galiza para colaborar nas xestións levadas a cabo polo colectivo Long Hope contra o Estado noruegués na reclamación dos seus dereitos.

Mariñeiros galegos que traballaron na mariña mercante norueguesa, piden o pagamento das súas pensións de xubilacións ó país nórdico. A defensa e reclamación de dereitos exposta publicamente pola asociación Long Hope acada xa un extenso percorrido institucional. O seu presidente Juan Lores Názara e o seu portavoz Alberto Paz Viñas conduciron esta loita ata as altas institucións de Noruega mantendo reunións co seu defensor do pobo, embaixador de España en Noruega, embaixador da UE en Noruega, cabeceiras dos sindicatos máis representativos do país como a L.O.

Estiveron tamén coas altas institucións españolas do Ministerio de Exteriores, Ministerio de Traballo en Madrid, embaixada de Noruega no Estado español na que mantiveron unha reunión co seu embaixador.



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Mantiveron encontros no Parlamento de Galicia con AGE, BNG, e PSOE, así mesmo foron invitados por Paloma Rodríguez deputada do PSOE ó Congreso dos Deputados para establecer liñas de actuación pertinentes.

Viaxaron a Luxemburgo unha representación de Long Hope a unha vista oral no Tribunal de Xustiza do caso Wieland C/465/14 caso similar entre mariñeiros austríacos contra armadores holandeses.

A loita polas pensións dos nosos mariñeiros que traballaron en Noruega non cesa. No eido da política reclamando, entre outras, ao Goberno español para que adopte as medidas legais que correspondan e interpoña ao abeiro do artigo 33 do Convenio Europeo de Dereitos Humanos unha demanda contra o Reino de Noruega, que incumpe o Convenio Europeo de Dereitos Humanos.

En todo este peregrinar non foron quen de conseguir que o presidente da Xunta de Galicia os recibise a pesares de que o Grupo parlamentar Popular ten apoiando diversas iniciativas como a presentada polo BNG xa no ano 2010, nin teñen conseguido o apoio institucional do Goberno galego nin este ten levado a cabo ningunha xestión política que eles coñezan.

Antes da eleccións a consellaría do Mar púxose en contacto co colectivo Long Hope e trasladoulle unha proposta de convenio para sufragar os gastos nos que incorra a Asociación na defensa dos seus fins, sen trasladarlle nin unha só compromiso para mediar diante do Goberno do Estado ou de asumir como propia esta reclamación.

Para o colectivo Long Hope esta era a maneira de facelos calar e non denunciar unha vez máis o desleixo da Xunta de Galiza e do Goberno central por



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

un problema de dereitos fundamentais, o dereito duns traballadores a cobrar unha pensión de xubilación.

Estas son as razóns que nos levan a formular as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1.- Que xestións ten levado a cabo a Xunta de Galiza para colaborar co colectivo social Long Hope, que está impulsando unha denuncia contra o Estado noruegués para reclamar o recoñecemento do dereito a percibir as súas pensións de xubilación ou que se lle devolvan os impostos recadados?

2.- Que xestións levou a cabo para instar ao Goberno do Estado a que poña unha demanda interestatal contra Noruega diante do Tribunal Europeo de Dereitos Humanos por incumprimento do Convenio Europeo de Dereitos Humanos vulnerando a prohibición de discriminación por nacionalidade en materia de seguridade social ao esixir a residencia aos nosos traballadores do mar emigrantes embarcados nos seus buques?

3.- A vergoñenta aptitude da administración galega, de mirar para outro lado considera que se pode agochar con un convenio para sufragar os gastos que este colectivo leva asumindo dende hai anos? Cartos a cambio de silencio? Publicidade para tapar as vergoñas?

4.- Estamos ante un problema de dereitos humanos, onde os nosos concidadáns teñen que buscarse a vida mentres a Xunta de Galiza no fai nada,



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

xustificándose que é competencia do Estado. Non hai quen defenda os dereitos fundamentais das/os galegas/os?

Santiago de Compostela, 3 de novembro de 2016

Asdo.: Ana Belén Pontón Mondelo

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luís Rivas Cruz

Montserrat Prado Cores

Noa Presas Bergantiños

Xosé Luís Bará Torres

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ana Pontón Mondelo na data 03/11/2016 12:51:30

Olalla Rodil Fernández na data 03/11/2016 12:51:36

Xose Luis Rivas Cruz na data 03/11/2016 12:51:40

María Montserrat Prado Cores na data 03/11/2016 12:51:46



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Noa Presas Bergantiños na data 03/11/2016 12:51:49

Xosé Luis Bará Torres na data 03/11/2016 12:51:53



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545

Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.es

15702 Santiago de Compostela

Galiza

Á Mesa do Parlamento

Ana Belén Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luís Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores, Noa Presas Bergantiños e Xosé Luís Bará Torres, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta escrita**, relativa á baixa execución dos Orzamentos Xerais do Estado no que se refire a Galiza.

A baixa execución do gasto territorializado en Galiza, e nomeadamente o destinado á construción da infraestrutura de maior envergadura nestes momentos, o AVE, ven sendo unha constante nos últimos anos. Para o 2015, o Goberno orzamentou 702 millóns de euros destinados ao AVE, pero finalmente tan só se gastaron 277,9 millóns, segundo os datos oficiais da Intervención Xeral do Estado, o que supón un grao de execución do 39,6 %.

Desde decembro de 2015, froito da incapacidade das forzas estatais con representación no Congreso dos Deputados e Deputadas, Galiza sufriu de diferentes formas a falta de goberno no Estado Español. A parálise dun goberno en funcións está a agravar o xa de por si habitual baixo grao de execución dos orzamentos.

Así, o grao de execución das partidas asignadas ao noso país está en mínimos históricos segundo os propios datos oficiais da Intervención Xeral do Estado, baixando a respecto do ano anterior. Os datos indican que a 30 de xuño de 2016, o orzamento executado a través das empresas públicas só tiña acadado apenas o 16% (175,1 millóns dun total de 1.096,4 a administrar) baixando do 17,5% do exercicio anterior e a contía correspondente á Administración Xeral do Estado estancábase nun 16,7%.



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Polo dito, formulamos as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

- Como valora a Xunta de Galiza a baixa execución dos Orzamentos Xerais do Estado no 2016 para Galiza?
- Ten avaliado a Xunta de Galiza as consecuencias da baixa execución do investimento territorializado para Galiza?
- Considera a Xunta de Galiza que coa actual execución do AVE, o goberno central poderá cumprir as súas promesas en canto ao remate desta infraestrutura?
- Vai tomar a Xunta de Galiza medidas tendentes a reclamar ao Goberno Central un maior grado de compromiso na execución dos orzamentos territorializados en Galiza?

Santiago de Compostela, 3 de novembro de 2016

Asdo.: **Ana Belén Pontón Mondelo**

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luís Rivas Cruz

Montserrat Prado Cores

Noa Presas Bergantiños

Xosé Luís Bará Torres

Deputadas e deputados do G.P. do BNG



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Ana Pontón Mondelo na data 03/11/2016 13:03:23

Olalla Rodil Fernández na data 03/11/2016 13:03:29

Xose Luis Rivas Cruz na data 03/11/2016 13:03:34

María Montserrat Prado Cores na data 03/11/2016 13:03:38

Noa Presas Bergantiños na data 03/11/2016 13:03:40

Xosé Luis Bará Torres na data 03/11/2016 13:03:44



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545

Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.es

15702 Santiago de Compostela

Galiza

Á Mesa do Parlamento

Ana Belén Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luís Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores, Noa Presas Bergantiños e Xosé Luís Bará Torres, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, formulan a seguinte **Pregunta para a súa resposta escrita**, relativa as medidas a adoptar diante do expediente de regulación de emprego no Banco Popular-Pastor.

O Banco Popular-Pastor ten presentado un expediente de regulación de emprego que afecta ao 20% do seu cadro de persoal, 2.894 traballadores/as na totalidade do Estado, destes, 435, o 25%, desenvolven a súa actividade en Galiza.

Cando o Banco Pastor foi adquirido en 2011 polo Bando Popular, tiña en Galiza 4.100 traballadores/as e 588 oficinas, e representaba arredor do 18% do mercado financeiro galego. A absorción supuxo xa naquel entón -como ten de denunciado o cadro de persoal do banco a través dun intenso calendario de mobilizacións- unha verdadeira operación de liquidación dunha entidade financeira galega, das máis importantes en termos de volume de negocio, número de traballadoras e traballadores e rede de oficinas. Con todo a operación recibiu todo apoio do Goberno galego en mans do Partido Popular, acorde coa súa actuación continua de exercer de delegados do poder.

Agora o Banco Popular pretende dar outro golpe de graza ao que quedou da antiga estrutura do Pastor (máis a rede de oficinas e servizos que en Galiza xa operaban baixo a marca Banco Popular) anunciando o despedimento de 435 empregadas e empregados, do total dos 1.756 que ten a día de hoxe. Este anuncio significa debilitar ao



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

máximo a estrutura do banco en Galiza: supón o peche de 42 oficinas, das 226 existentes, e a ameaza de manter as das localidades máis pequenas abertas só un día á semana. É dicir, perderíanse preto do 25% dos medios humanos e materiais con que o banco conta no noso país.

Este ERE é calificado de innecesario e inxustificado por parte d@s representantes d@s traballadores/as, toda vez que teñen que realizar sistematicamente prolongacións de xornada a causa da falta de persoal, ao que hai que engadir que os informes dos resultados do grupo para o terceiro trimestre deitan beneficios. En todo caso de existir o suposto de “causas económicas”, que alegan, é plena responsabilidade da mala xestión do equipo directivo e en ningún caso d@s traballadores/as.

De consumarse o ERE do Pastor-Popular as consecuencias serán tremendamente negativas. Primeiro polo que significa para Galiza a destrución de 435 postos de traballo directos, estábeis e con dereitos, e segundo, pola implicación moi directa para a comunidade, para a calidade de vida da xente, polo que supón o peche de oficinas bancarias. A desaparición destas, especialmente en pequenas localidades, significa a desaparición dun servizo básico de proximidade coa veciñanza, que se ve obrigada a ter que desprazarse a outro lugar a facer xestións cotiás, pero tamén a desaparición dun indiscutíbel axente de dinamización da economía local.

Por todas as razóns expostas, formulamos as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

-Que actuacións ten realizado o Goberno galego diante o ERE presentado no Banco Popular-Pastor, que afecta a 435 postos de traballo en Galiza e o peche de 42 oficinas?



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

-Ten avaliado o Goberno galego as consecuencias deste ERE en canto á exclusión financeira para centos de persoas polo peche de oficinas?

-Ten recibido información deste ERE, por parte dos responsabeis da entidade bancaria?

Santiago de Compostela, 3 de novembro de 2016

Asdo.: **Ana Belén Pontón Mondelo**

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luís Rivas Cruz

Montserrat Prado Cores

Noa Presas Bergantiños

Xosé Luís Bará Torres

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ana Pontón Mondelo na data 03/11/2016 18:24:49

Olalla Rodil Fernández na data 03/11/2016 18:24:54

María Montserrat Prado Cores na data 03/11/2016 18:24:58



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Xose Luis Rivas Cruz na data 03/11/2016 18:25:00

Noa Presas Bergantiños na data 03/11/2016 18:25:04

Xosé Luis Bará Torres na data 03/11/2016 18:25:08

A Mesa do Parlamento

Os deputados e deputadas abaixo asinantes, ao abeiro do artigo 52.1 e concordantes do Regulamento da Cámara, solicitan a creación dunha Comisión de Investigación para analizar e avaliar a evolución económico-financeira das antigas caixas de aforros e as causas e responsabilidades da súa transformación en bancos, incluíndo as indemnizacións millonarias dos seus ex-directivos.

A fonda transformación do sistema financeiro español, derivada pola aplicación de diversas normas estatais, conlevou a fusión, e posterior desaparición, das caixas de aforro galegas tras un proceso de recapitalización con recursos públicos e a súa subhasta. Na actualidade, e a diferenza do acontecido en practicamente todas as comunidades autónomas, a entidade herdeira das antigas caixas de aforro galegas continúa a operar nun mercado financeiro máis concentrado, mantendo o seu domicilio social e negocio principal no territorio da Comunidade autónoma de Galicia.

Dito proceso de transformación das caixas de aforro nun banco (*Abanca*) xerou ao longo dos últimos anos unha fonda preocupación social ao descubrirse que os antigos xestores das caixas de aforros impulsaran unha comercialización incorrecta de produtos de alto risco, como as participacións preferentes, e se beneficiaran dunhas escandalosas indemnizacións ao cesar nas súas funcións.

Movido polo compromiso coa transparencia, o Grupo Parlamentario Popular impulsou na pasada IX Lexislatura unha Comisión de Investigación para analizar tanto a evolución económico-financeira das antigas caixas como as responsabilidades dos seus xestores na súa evolución e situación, así como as indemnizacións millonarias percibidas polos seus ex-directivos.

Tras a súa constitución, aprobada por unanimidade no Pleno celebrado o 2 de agosto de 2012, a Comisión de Investigación aprobou, tamén por unanimidade de todos os grupos parlamentarios, as súas normas de funcionamento (11 de abril de 2013) e un plan de traballo (7 de maio de 2013). En desenvolvemento de dito plan, a Comisión recibiu unha inxente documentación facilitada fundamentalmente pola Xunta de Galicia, e celebrou 21 xuntanzas nas que compareceron ou expuxeron as súas opinións arredor de medio cento de persoas, entre elas os ex-presidentes dos Consellos de Administración e directores xerais de *Caixa Galicia* e *Caixanova*, o presidente de *Novagalicia Banco*, o Presidente da Xunta e os conselleiros e directores xerais responsables da política financeira na Xunta, así como o propio ex-gobernador do Banco de España Miguel Ángel Fernández-Ordóñez; o ex-presidente da CNMV Julio Segura; e numerosos representantes dos afectados, dos profesionais da auditoría e expertos na materia.

A Comisión, en definitiva, rematou as dúas primeiras fases (solicitude e aportación de documentación; e comparecencias) e chegou a nomear unha ponencia en xullo de 2013, que non rematou o seu traballo antes da disolución da Cámara autonómica en agosto de 2016. Entre outros motivos, porque algunhas das cuestións relevantes abordadas pola Comisión de Investigación, como por exemplo as indemnizacións millonarias recibidas polos seus ex-directivos, estaban subiúdice, coñecéndose a primeira sentenza condenatoria da Audiencia Nacional en outubro de 2015 e a súa confirmación polo Tribunal Supremo xa en pleno período electoral o pasado 14 de setembro de 2016.

O traballo desenvolvido, a documentación aportada, as testemuñas e opinións técnicas recibidas, así como a necesidade de achegar á opinión pública galega o resultado e as conclusións do traballo feito en relación coa transformación das caixas de aforro nun banco e as indemnizacións percibidas polos seus ex-directivos, ademais do compromiso coa transparencia do Grupo Parlamentario Popular, motivan suficientemente a constitución na X Lexislatura dunha Comisión de Investigación que remate os traballos realizados na pasada lexislatura.

Por todo o exposto, os deputados abaixo asinantes solicitan:

A creación dunha Comisión de Investigación para analizar e avaliar a evolución económico-financeira das antigas caixas de aforros e as causas e responsabilidades da súa transformación en bancos, incluíndo as indemnizacións millonarias dos seus ex-directivos, co obxecto de rematar os traballos realizados na IX Lexislatura.

Santiago de Compostela, 4 de novembro de 2016

Asinado dixitalmente por:

Alberto Núñez Feijóo na data 04/11/2016 14:22:57

Pedro Puy Fraga na data 04/11/2016 14:23:17

Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 04/11/2016 14:23:33

Paula Prado Del Río na data 04/11/2016 14:23:50

Miguel Ángel Santalices Vieira na data 04/11/2016 14:25:55

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

Diego Calvo Pouso na data 04/11/2016 14:26:04

Raquel Arias Rodríguez na data 04/11/2016 14:26:15

José González Vázquez na data 04/11/2016 14:26:21

Valeriano Martínez García na data 04/11/2016 14:27:42

César Manuel Fernández Gil na data 04/11/2016 14:28:04

María Encarnación Amigo Díaz na data 04/11/2016 14:28:11

Jaime Castiñeira Broz na data 04/11/2016 14:28:17

Marta Rodriguez Vispo Rodriguez na data 04/11/2016 14:28:23

María Guadalupe Murillo Solís na data 04/11/2016 14:28:29

Moisés Blanco Paradelo na data 04/11/2016 14:28:34

Aurelio Alfonso Núñez Centeno na data 04/11/2016 14:28:42

Antonio Rodríguez Miranda na data 04/11/2016 14:28:47

José Manuel Rey Varela na data 04/11/2016 14:28:55

Beatriz Mato Otero na data 04/11/2016 14:29:03

Cristina Isabel Romero Fernández na data 04/11/2016 14:29:08

Daniel Luis Varela Suanzes-Carpegna na data 04/11/2016 14:29:13

Carlos Enrique López Crespo na data 04/11/2016 14:29:39

María Susana López Abella na data 04/11/2016 14:29:46

Alfonso Rueda Valenzuela na data 04/11/2016 14:29:52

Marta Novoa Iglesias na data 04/11/2016 14:30:01

José Manuel Cores Tourís na data 04/11/2016 14:30:12

Martín Fernández Prado na data 04/11/2016 14:30:24

Rosa María Quintana Carballo na data 04/11/2016 14:30:33

María Sol Díaz Mouteiro na data 04/11/2016 14:30:43

Jesús Vázquez Almuiña na data 04/11/2016 14:30:55

Francisco José Conde López na data 04/11/2016 14:31:04

Sandra Vázquez Dominguez na data 04/11/2016 14:31:18

Ignacio Javier López-Chaves Castro na data 04/11/2016 14:31:28

José Manuel Balseiro Orol na data 04/11/2016 14:31:40

Álvaro Pérez López na data 04/11/2016 14:32:37

Román Rodríguez González na data 04/11/2016 14:32:55


María Nava Castro Domínguez na data 04/11/2016 14:33:03

Teresa Egerique Mosquera na data 04/11/2016 14:33:10

Marta Rodríguez Arias na data 04/11/2016 14:33:24

María Ángeles Vázquez Mejuto na data 04/11/2016 14:33:37

Ethel María Vázquez Mourelle na data 04/11/2016 14:33:48



PARLAMENTO
DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO
PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións:

Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.

Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727